



memoria de actividades 2009



CEIDA

CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN

Carlos Vales Vázquez

DEPÓSITO LEGAL

OU 163-2010

DESEÑO E MAQUETACIÓN

CEIDA

Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro

CEIDA Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

Castelo de Santa Cruz s/n 15179 Liáns, Oleiros. A Coruña

Teléfono 981 630 618 Fax 981 614 443

www.ceida.org ceida@ceida.org



índice

Introdución	5
Formación e capacitación	17
Jane Goodall en Galicia	45
Congreso Internacional Natureza e Imaxe	51
Congreso Escolar	63
Programas de educación ambiental	69
Aula do Mar	77
Programa de exposicións	81
Itinerantes	82
No Castelo de Santa Cruz	88
Centro de Documentación Domingo Quiroga	95
Centro de Documentación / Butaca verde	96
Publicacións	102
Entidades colaboradoras	107



introdución

O ano 2009 resultou ser especialmente positivo no balance de actividades do CEIDA. Efectivamente, podemos contemplar como se produciu un incremento de resultados en practicamente todos os indicadores de actividade que definen os obxectivos da institución. Como é ben sabido, o cumprimento dos obxectivos do CEIDA descansa sobre tres piares fundamentais. Por unha parte, desenvolver un acaído traballo de documentación ambiental que permita poñer a disposición da cidadanía e dos colectivos interesados fondos bibliográficos e documentais en formatos diversos. Por outra parte, promover a formación ambiental tanto de profesionais e técnicos de distintos ámbitos como da sociedade en xeral. En terceiro lugar, desenvolver actividades de sensibilización e educación que permitan incrementar a conciencia social sobre a importancia da conservación e uso sustentable do medio ambiente.

En todos estes tres ámbitos producíronse resultados significativos. Así, na área de documentación, ademais de continuar coa catalogación e incremento de fondos documentais, e de seguir prestando apoio aos distintos usuarios que o solicitaron, prestáronse servizos nalgúns casos orixinais a colectivos específicos, como son o sector vencellado ó uso e xestión do medio mariño, a través da edición do boletín electrónico de información bibliográfica Amares e, de forma novedosa, a través da oferta de actividades de creación de cultura ambiental especialmente dirixidos aos municipios, como é o caso do ciclo de cinema Butaca Verde. En canto ás actividades de formación ambiental, durante o ano 2009 realizáronse máis actividades e nelas participaron máis usuarios que en calqueira ano anterior. Polo que fai ás actividades de sensibilización e educación ambiental, nalgúns casos consolidáronse programas en marcha, mentras que noutros se diversificou a oferta, o que trouxo como resultado un incremento espectacular no número total de participantes.

	Datos ano 2009	
	nº de actividades	nº de participantes
Actividades de formación ambiental	131	4.427
Programa de educación ambiental	209	5.355
Aula do mar	*	15.057
Actividades de cooperación	5	230
Exposicións no Castelo	10	12.878
Exposicións itinerantes	62 **	1.086.697
Totais	417	1.124.644

* : Aberta como centro de visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

** : 5 exposicións

Outro dos aspectos que debe ser destacado no balanço de actividades deste ano é o da confirmación das distintas liñas estratéxicas de traballo que se foran definindo ao longo destes anos e que quedaron formalizadas no ano 2008, como se pode leer na memoria de actividades correspondente a ese ano. As áreas de educación ambiental formal e non formal, de cambio climático, de conservación da biodiversidade, auga, medio mariño, forestal, desenvolvemento local, turismo, cooperación internacional e investigación en educación ambiental, todas elas contaron con algún tipo de actividade ao longo do 2009. Quizais sexa interesante sinalar que esas actividades, en relación coas áreas estratéxicas sinaladas, adoptaron formatos moi diversos e foron desenvolvidas desde as diferentes áreas organizativas ou de traballo do CEIDA, tanto desde o Centro de Documentación como desde a área de formación ou ben a través dos distintos programas de sensibilización e de educación ambiental.

Áreas de traballo extratécnicas do CEIDA en Educación Ambiental

EDUCACIÓN AMBIENTAL NON FORMAL

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Ser punto de encontro, reflexión e referencia formativa para os educadores ambientais galegos ▪ Ser un interlocutor de referencia en Galicia para colectivos, e equipamentos tanto de España como doutros países	▪ III Foro Galego de educadoras e educadores ambientais ▪ I Congreso Internacional Natureza e Imaxe ▪ II Seminario de Centros de Referencia en Educación Ambiental

EDUCACIÓN AMBIENTAL NO SISTEMA EDUCATIVO

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Incentivar aos centros educativos a que traballen en iniciativas a prol da conservación e divulgación do medio natural ▪ Axudar na consolidación dunha nova cultura ambiental entre toda a comunidade educativa ▪ Consolidar vías de comunicación e de colaboración entre os centros educativos e o CEIDA ▪ Consolidar o Congreso Escolar como espazo de referencia da posta en valor do patrimonio natural galego e divulgación dos traballos realizados	▪ III Congreso de educación ambiental dos Centros Educativos da provincia da Coruña: Espazos para conservar ▪ Programas de educación ambiental para escolares

CAMBIO CLIMÁTICO

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Ofertar actividades formativas en torno ás causas, efectos e medidas de mitigación necesarias en torno ao quentamento global tanto a nivel global como galego ▪ Converter o CEIDA nun centro de referencia en eficiencia enerxética en colaboración co INEGA	▪ IV Seminario. Respuestas desde la comunicación y la educación al cambio climático ▪ O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción. Exposición itinerante ▪ A enerxía. CD-Rom ▪ Folleto divulgativo sobre o cambio climático en Galicia



AUGA

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Impulsar un cambio progresivo nos hábitos de consumo da auga por parte da cidadanía, imprescindible para garantir a preservación axeitada deste recurso natural ▪ Promover e estimular o debate social ao redor dunha nova cultura da auga	▪ II Xornadas da Auga. Auga, medio ambiente e participación ▪ Día Mundial dos Humidais: “Os humidais conéctannos a todos

introdución

DESENVOLVEMENTO LOCAL	
OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Contribuír á formación ambiental dos técnicos e persoal responsábel da xestión ambiental municipal ▪ Contribuír á dinamización das Axendas 21 Locais, con especial incidencia na comarca das Mariñas e nos concellos integrantes dos núcleos de Sostibilidade	▪ Máster en Xestión ambiental, auditoría e xestión do medio ambiente municipal ▪ Programa de exposicións itinerantes ▪ Butaca verde. Ciclo de cine documental

TURISMO	
OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Promover boas prácticas ambientais ▪ Divulgar o patrimonio natural e cultural de Galicia como recurso turístico	▪ A interpretación do patrimonio como instrumento de xestión sostible do turismo. Xornada ▪ Turismo e sustentabilidade: o Xacobeo, unha oportunidade para o desenvolvemento en Galicia. Xornada ▪ Boas prácticas ambientais na hostalería. Cursos



MEDIO MARIÑO

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a todos os sectores da sociedade a deficiente protección do medio mariño e a urxente necesidade de establecer Áreas Mariñas Protexidas
- Cooperar coas administracións públicas, centros de investigación, organizacións de pescadores e outros colectivos para fomentar a creación de pesquerías sostibles e o establecemento de Áreas e Reservas Mariñas Protexidas
- A posta en valor do Patrimonio Cultural e Etnográfico vencellado ás Comunidades Costeiras

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS

- Programa de educación ambiental: "O mar e a costa, recursos valiosos para todos"
- A conservación en acción. O desafío de conservar os océanos. Seminario
- Exposición itinerante Áreas Mariñas Protexidas
- Exposición itinerante O patrimonio marítimo de Galicia

introdución

CONSERVACIÓN E USO PÚBLICO

OBXECTIVOS

- Sensibilizar e informar á cidadanía sobre a importancia e a necesidade de conservar o patrimonio natural, especialmente o galego e, en particular, o do ámbito comarcal e local
- Fomentar a través de diversas actuacións un proceso de reflexión cara á mellora da xestión da conservación dos espazos naturais

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS

- Revalorizar a paisaxe. III Xornadas da paisaxe cultural do noroeste
- Conservación e biodiversidade, turismo e desenvolvemento local. Curso de verán
- O Lobo en Galicia. Unha carreira por sobrevivir. Exposición


MONTES

OBXECTIVOS

- Divulgar a importancia da conservación e a multifuncionalidade do monte e dos bosques, fomentando unha conciencia ambiental en termos de sostibilidade
- Crear un Parque Botánico Forestal como dinamizador da cultura forestal e a mellora da calidade ambiental do territorio

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS

- Programa de educación ambiental “Pés na terra”





COOPERACIÓN INTERNACIONAL

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Participar nas principais redes internacionais envolvidas na conservación da natureza e na educación ambiental ▪ Favorecer a divulgación do papel de Galicia na conservación da natureza e na educación ambiental ▪ Colaborar con administracións e colectivos doutros países que perseguen obxectivos comúns	▪ Seminario internacional A cooperación na xestión de Áreas Protexidas ▪ Conferencia internacional O ecoturismo baseado na comunidade ▪ Programa “Mobilízate pola selva”. Campaña do Instituto Jane Goodall

INVESTIGACIÓN

OBXECTIVOS	PRINCIPAIS ACTUACIÓNS
▪ Desenvolver proxectos de investigación sobre a educación ambiental como instrumento para a conservación, xestión e mellora do medio ambiente ▪ Desenvolver proxectos de innovación no ámbito formativo	▪ Coordinación da revista científica AmbientalMente sustentable ▪ Colaboración no Proxecto Fénix

Debe tamén ser destacado o ámbito territorial das actividades. Conforme ao seu compromiso coas institucións que o promoven, o CEIDA organizou ao longo do ano actividades de moi distinta influencia xeográfica. Así, o CEIDA colaborou con entidades locais na realización de actividades de dinamización cultural e ambiental, contribuíu á posta en valor do patrimonio natural municipal a través das actividades levadas a cabo na Aula do Mar do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, e foi un dos principais promotores do Congreso Internacional de Natureza e Imaxe en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses e cos municipios do Consorcio das Mariñas, entre outros. Tamén os municipios da provincia da Coruña recibiron unha atención especial, a través dun programa de colaboración coa Deputación provincial, e o resto dos municipios e outras institucións e colectivos de Galicia recibiron atención, a través da oferta de recursos ambientais, de programas educativos e de cursos de formación, moitas veces descentralizados para facilitar a participación aos residentes nas áreas da comunidade autónoma máis distantes da sede do CEIDA.

Asimesmo, o CEIDA colaborou con institucións das distintas comunidades autónomas españolas e de Portugal, así como con outras de carácter internacional, entre as que debe ser destacada a colaboración co Instituto Jane Goodall, que posibilitou a visita da ilustre primatóloga á nosa institución. Por fin, o CEIDA promoveu proxectos de cooperación, tanto no ámbito da lusofonía como no iberoamericano, destinados ao intercambio de experiencias e á mellora das capacidades de xestión ambiental. E, como é tradición na institución, todo o traballo procurou canalizarse a través de liñas de parceria con institucións oficiais e non gobernamentais, con administracións públicas, con empresas, fundacións e outros colectivos que conflúen nos mesmos obxectivos: fortalecer a capacidade tanto individual como colectiva para facer fronte aos desafíos ambientais da nosa época.

Nº de actividades realizadas

Período 2001 - 2009										
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Totais
Actividades de formación ambiental	8	29	32	30	21	31	29	38	131	349
Programa de educación ambiental	22	61	169	151	194	219	148	221	209	1.394
Aula do mar						Aberta ao público (A)				
Actividades de cooperación	-	-	-	-	-	-	4	6	5	15
Exposicións no Castelo	1	5	5	10	11	9	12	10	10	73
Exposicións itinerantes	-	-	-	4 (B)	27 (C)	42 (D)	80 (E)	70 (E)	62 (E)	285
Totais	31	95	206	195	253	301	273	345	417	2.116

(A): Aberta como centro de visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

(B): 1 exposición / (C): 2 exposicións / (D): 4 exposicións / (E): 5 exposicións

Nº de participantes

Período 2001 - 2009										
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Totais
Actividades de formación ambiental	445	1.140	1.210	1.393	769	1.326	1.144	1.782	4.427	13.636
Programa de educación ambiental	1.352	2.527	3.150	5.664	6.389	6.217	4.778	5.719	5.355	41.151
Aula do mar	-	-	-	-	-	10.662	12.137	16.087	15.057	53.943
Actividades de cooperación	-	-	-	-	-	-	540	327	230	1.097
Exposicións no Castelo	880	5.400	11.686	14.675	18.577	17.181	18.761	19.605	12.878	119.643
Exposicións itinerantes	-	-	-	Sen datos	Sen datos	20.663	40.814	87.109	1.086.697	1.235.283
Totais	2.677	9.067	16.046	21.732	25.735	56.049	78.174	130.629	1.124.644	1.464.753





formación e capacitación

Durante o 2009 o CEIDA organizou, como en anos anteriores, distintas actividades de formación ambiental.

As iniciativas dirixíronse a diferentes sectores da poboación abarcando persoal técnico municipal, traballadores do sector turístico, do mar, da conservación, así como educadores ambientais e membros de organizacións ecoloxistas ou de cooperación, entre outros. Debido á variedade de asistentes, o formato adaptouse ao seu perfil; así coordináronse dende xornadas ou cursos ata seminarios internacionais.

As actividades organizáronse en territorios dispares xeograficamente. Arxentina ou Timor Leste foron lugares fóra das fronteiras galegas onde o CEIDA impartiu formación. De todas formas, a sede do centro oleirense, situada no Castelo de Santa Cruz, foi o lugar que máis actividades acolleu ao longo do ano 2009.

Un dos principais obxectivos marcados nos estatutos que concebiron o CEIDA inclúen a formación e a capacitación dirixidas a diferentes sectores da sociedade. O aprendizaxe especializado axuda á creación e consolidación dunha conciencia fundamentada na crise ambiental que sofre o planeta.

O número de participantes formados incrementouse en relación aos anos anteriores. Así, no 2009, foron máis de 4.500 persoas as que asistiron a algunha das actividades ofertadas. Enxeñeiros, técnicos municipais, traballadores do sector turístico, biólogos, cooperantes e educadores son algúns dos principais demandantes e asistentes das actividades específicas de formación que complementan o seu currículo. Ademais, os recursos dispoñibles no

Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga intensifican a actividade formativa.

En total 131 actividades, en variados formatos, ao longo de todo o ano, sendo os meses de marzo e novembro os que congregaron o maior número de cursos, xornadas e seminarios. Cabe destacar que a actividade de maior resposta por parte do público foi a visita de Jane Goodall no mes de maio, que congregou a máis de 350 persoas no seu relatorio maxistral.

O Castelo e a illa de Santa Cruz reúnen as condicións idóneas para a realización das actividades formativas do CEIDA. Activades tales como os cursos de interpretación do patrimonio benefíciense das características proporcionadas polo contorno oleirense.



formación e capacitación

A temática elixida para a planificación de actividades faise tendo en conta as grandes problemáticas ambientais coñecidas xa non só polos científicos senón polos cidadáns. O cambio climático, a destrución da biodiversidade e a definición de modelos de desenvolvemento ambientalmente sustentables son os piares sobre os que se deseña a oferta formativa.

Na traxectoria do CEIDA hai un campo de traballo continuo dirixido a satisfacer as demandas de información e formación dos educadores, tanto a aqueles que xa son profesionais como os que queren selo. É xa un clásico que o centro acolla o foro galego de educadoras e educadores ambientais así como que organice cursos de iniciación á educación ambiental. A **educación ambiental** revélase como un valioso instrumento para dar a coñecer os beneficios que o contorno natural achega e para establecer vínculos afectivos coa finalidade de espertar emocións entre os cidadáns.

Estes vínculos afectivos tamén se desenvolven nos turistas durante a súa visita a Galicia. Consciente da atracción que supón o medio galego para o turismo, o CEIDA aposta por unha xestión sostible do sector co fin de que os turistas perciban cada vez máis os impactos ambientais que producen. Se ben no 2008 se produciu a primeira toma de contacto co sector e se recolleron as súas principais necesidades formativas a través de actividades puntuais, no 2009 deuse cobertura as súas peticións a



través de cursos e xornadas formativas máis amplas. A área de **turismo** do CEIDA, consciente do importante papel que vai xogar o turismo no 2010 en Galicia por ser Ano Santo, organizou a finais do mes de novembro a xornada “Turismo e sustentabilidade: o Xacobeo, unha oportunidade para Galicia”. O xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, presentou as propostas da entidade que dirixe de cara ao tirón turístico do Camiño de Santiago.

Por outra banda, o centro de educación ambiental ten o deber e a prioridade de traballar a nivel **municipal** xa que, os concellos son a institución pública máis próxima ao cidadán, quen pode ver como se incorporan

colectivamente prácticas responsables e transcendentales para as condutas de consumo. As actividades desenvolvidas nesta área son variadas tanto tematicamente como na súa tipoloxía e teñen como destinatarios principais aos responsables políticos e técnicos dos concellos galegos. É de obriga citar o apoio da Deputación da Coruña neste eido a través do programa “Por unha cultura ambiental”. Este é un proxecto que, ademais de formación, inclúe asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia da Coruña.

O programa de cine ambiental para os concellos Butaca Verde naceu no último semestre do 2009 como resposta a unha demanda formativa e divulgativa dos municipios no campo da problemática ecolóxica e social. Foron un total de 19 entidades locais as que proxectaron



a selección de documentais cunha resposta exitosa por parte do público en cada unha das convocatorias.

A área municipal traballa para que o desenvolvemento sustentable, que se procura a nivel global, arrinque dunha primeira revolución local.

No ano 2009 continuaron a desenvolverse actividades formativas e divulgativas sobre o **cambio climático**, centrándose nos aspectos da comunicación do mesmo.

Destaca a colaboración co Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - e a Oficina Española de Cambio Climático - OECC - na organización da última edición do seminario permanente sobre “Educación e Comunicación fronte ao Cambio Climático” que un ano máis xuntou en Valsaín (Segovia) ás principais entidades españolas que traballan neste tema para avanzar en novas estratexias de comunicación das causas, impactos e solucións ao que é hoxe un dos maiores retos para a humanidade.

Nesta liña, e dentro das actuacións incluídas dentro do proxecto Ciencia, Enerxía e Cambio Climático financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología - FECYT - destaca o obradoiro para medios de comunicación “Da percepción social á comunicación do cambio climático” celebrado con motivo do día do medio ambiente dedicado a esta causa.

Mellorar as estratexias de comunicación sobre o cambio climático para lograr unha

formación e capacitación



maior sensibilidade e participación nas súas solucións, tanto a nivel político como individual, é unha das liñas prioritarias de actuación nesta etapa.

Sen esquecer que Galicia, en tanto que forma parte do mundo desenvolvido, ten tamén parte de responsabilidade nas problemáticas ambientais globais. As medidas que se precisan emprender para abordalas deben ter en conta un enfoque máis amplo e solidario, ademais das orientadas ao seu territorio.

Dende esta perspectiva, a área de **cooperación** do CEIDA une esforzos no eido da formación con entidades e redes internacionais co dobre obxectivo de contribuír a

formar os cadros técnicos doutros territorios e de achegar a Galicia novos coñecementos, experiencias e puntos de vista que enriquezan aos profesionais do eido ambiental galego.

Como exemplo que ilustra esta concepción do traballo destaca o seminario internacional “A Cooperación na xestión das Áreas Protexidas”, onde expertos e xestores de conservación de Europa, Latinoamérica e África, compartiron coñecemento, análise e debate sobre como abordar eficazmente a cooperación transfronteiriza. O encontro, impulsado pola UICN e o CEIDA, constituíu un escenario que serviu para dar os primeiros pasos nun proceso de irmandamento



e colaboración en canto á súa conservación, entre os Parques Nacionais de Iguazú de Arxentina e Brasil coa Reserva Internacional da Biosfera Gêres-Xurés que comparten Galicia e Portugal.

Impulsar medidas deste tipo a través de plans de **conservación** efectivos axudan ao CEIDA a acadar un dos seus obxectivos: poñer en valor a importancia do medio natural e da súa preservación. O modelo de vida actual nas grandes e pequenas cidades non se podería sustentar sen os centos de produtos que teñen a súa orixe nas plantas e nos animais salvaxes; por iso é preciso conservar para asegurar o modelo de vida actual. Os esforzos céntranse en achegar os coñecementos dos expertos á cidadanía;

así por exemplo, as xornadas realizadas anualmente sobre a temática dos humidaís, no 2009 baixo o lema “Os humidaís conéctannos a todos”, permiten poñer en valor unha riqueza descoñecida por moitos.

Así mesmo, faise fincapé na conservación do **medio mariño**. En Galicia, exceptuando o Parque Nacional das Illas Atlánticas e as reservas mariñas de interese pesqueiro Os Miñarzos (Lira) e Ría de Cedeira, non hai ningún territorio mariño baixo unha figura de protección. Teñen lugar actividades que impulsan o coñecemento dos beneficios das Áreas Mariñas Protexidas, como é o caso no mes de decembro, do seminario “A conservación en acción. O desafío de conservar os océanos” coorganizado cos Museos Científicos Coruñeses, falou-se dos diversos instrumentos e propostas de conservación destes espazos de grande interese ecolóxico.

Finalmente destacar que as actividades de formación do CEIDA acadaron no 2009 unha excepcional acollida tanto no aspecto de asistencia ás mesmas como no mediático. Este resultado obtívose grazas fundamentalmente a que se contou coa presenza de relatores de primeiro nivel tanto do ámbito nacional como do internacional e de referencia en cada unha das materias tratadas nas mesmas.

formación e capacitación

Actividades realizadas

Cursos: Conducción eficiente



Todo o ano > A Coruña, Pontevedra, Ourense

Nº de concellos participantes: 46.

Obxectivos: Reducir o consumo de combustible e de emisión de contaminantes aplicando un método de conducción máis eficiente.

Contidos: Os participantes aprenderon as técnicas de conducción para diminuír o consumo de carburante ademais de reducir a emisión de contaminantes. Estas técnicas axudan a aforrar ata o 15% do combustible e das emisións á atmosfera.

Coorganizado con: Consellería de Innovación e Industria. Instituto Enerxético de Galicia - INEGA -. Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña - FAEPAC -. Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI -. Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía - IDAE - do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

Xornada: Os humidais conéctannos a todos



4 de febreiro > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 51 asistentes pertencentes a diferentes colectivos sociais.

Obxectivos: A xornada xurde para dar a coñecer un exemplo de xestión de humidais empregando unha ferramenta de conservación como é a Reserva da Biosfera, que fomenta o aproveitamento sostible dos recursos para que estes poidan seguir utilizándose polas xeracións futuras.

Contidos: **Inauguración:** Manuel Tajés, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e Carlos Vales, director do CEIDA ■ **A tipoloxía dos humidais galegos e o seu valor de conservación.** Pablo Ramil Rego, director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural - IBADER - ■ **Inauguración da exposición Terras do**

Miño. Reserva da Biosfera. Carlos Vales, director do CEIDA e Ricardo Parada, Deputado de Medio Ambiente do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social - INLUDES - **■ Mesa redonda: Os humidais da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Como xestionar a súa conservación;** nela participaron Regina Polín Rodríguez, alcaldesa de Guitiriz e presidenta da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade; Laura Vázquez Janeiro, bióloga da Unidade de Medio Ambiente do INLUDES e responsable do centro de interpretación Reservas da Biosfera Terras do Miño e Óscar Rivas, representante do grupo ecoloxista Numenios. **■ Actuacións da Consellería de Medio Ambiente na conservación dos humidais galegos.** Rogelio Fernández Díaz, Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade.

Coorganizado coa Unión Internacional para a Conservación da Natureza - UICN - e Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural - IBADER -.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible patrocinou a xornada.

Coñecendo organizacións do sur. Xanela Aberta ao Sur

5 de marzo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 8.

Obxectivos: Dar a coñecer as localidades do sur nas que Amarante está impulsando proxectos sociais.

Contidos: Nanda Couñago, presidenta da ONG Amarante, e José Antonio García, membro da entidade, presentaron Xanela Aberta ao Sur, un proxecto de formación teórico-práctica que ten como

obxectivo dar a coñecer as causas estruturais da pobreza e que se realiza en colaboración co Movemento dos Sem Terra de Brasil.

Organiza ONG Amarante.

Colaboran: CEIDA e Concello de Oleiros.

Xornada: A interpretación do patrimonio como instrumento de xestión sostible do turismo



9 de marzo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 65 persoas pertencentes ao sector turístico.

formación e capacitación

Obxectivos: Dar a coñecer as características da interpretación como estratexia de comunicación. Ensinar as posibilidades dos medios e as técnicas de cara ao público visitante (turistas, habitantes locais). Analizar os aspectos básicos para lograr unha comunicación efectiva e impactante. Mostrar exemplos galegos como recurso para o desenvolvemento turístico.

Obxectivos: Coñecer as experiencias e inque-
danzas dos educadores ambientais, e comunicar os resultados e problemas do seu traballo. Resaltar as actividades, proxectos, programas e campañas de Educación Ambiental de Galicia.

Contidos: **Inauguración:** Felipe Arias, Director Xeral de Patrimonio Cultural e Carlos Vales, director do CEIDA | **Turismo e cultura: unha alternativa para o desenvolvemento.** Felipe Arias, Director Xeral de Patrimonio Cultural | **Unha introdución á interpretación do patrimonio natural e cultural: conceptos, técnicas, mensaxe interpretativa e destinatarios.** Araceli Serantes, xefa de Extensión Universitaria do CEIDA | **A promoción turística desde a interpretación do patrimonio: Visitas guiadas polas Illas de San Simón e San Antonio.** Antonia López e Isabel Fernández, Ambientarte. | **Visitas teatralizadas á muralla romana lucense.** Cristina González, coordinadora de actividades do Plan Urbán do Concello de Lugo | **Atlántida e Mundo Aberto: experiencias institucionais en turismo para os xoves.** Ramón Santiago, INECO. | **O plan de sinalización do Courel e outras accións integradas.** Roberto Figueroa, Terranova Interpretación y Gestión Ambiental.

Coorganizado con Dirección Xeral de Turismo. Deputación da Coruña. Asociación de Interpretación del Patrimonio.

III Foro galego de educadoras e educadores ambientais

14 de marzo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 63 persoas dedicadas á educación ambiental.

Contidos: **Comunicacións e coloquio:** Vilarbó, **pola recuperación das fragas atlánticas.** M^a José Ruán Serantes, Neboa Medio Ambiente | **O programa de educación ambiental sobre a pegada e a débeda ecolóxica na Universidade de Santiago de Compostela - USC -** Noelia López, USC | **Proxecto de participación socioambiental activa.** Ramón Molina, Arelar. **Actuación:** Os regueifeiros | **Os Ghordechos. Comunicacións e coloquio:** **2teixos/libros plantabosques.** Anxo Moure, Lar dos Contos | **Os Xardíns do Campus Sur de Santiago de Compostela: o noso patrimonio natural.** Celestino Quintela, USC | **Centro de Educación Ambiental O REXO.** Xosé Manuel Romero Rodríguez, Fundación Ramón González Ferreiro | **Xantar colectivo. Comunicacións e coloquio:** **Mostra da Reserva da Biosfera Terras do Miño.** Laura Vázquez, INLUDES | **Actividade da auga.** María José Presa, CIFP A Granxa | **Estudio para un cambio de actitudes cara a redución de residuos.** María Durán, Amigos da Terra | **Obradoiro de Escritura Creativa.** Francisco Xosé Fernández Naval | **Avaliación.**

Coorganizado coa Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA - e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Xornada: Boas prácticas ambientais na hostalería. Enerxía, residuos e bioconstrución



16 de marzo > Albergue turístico rural de Alvarella. Vilarmaior

Participantes: 19 profesionais da hostalería.

Obxectivos: Nesta xornada de medio día os asistentes coñeceron as medidas de aforro enerxético que se poden aplicar nos establecementos turísticos ademais dos programas de incentivación das enerxías renovables no turismo rural.

Contidos: Inauguración: Marisol Lorenzo, presidenta da Federación Galega de Asociacións de Turismo Rural - Fegatur - e Carlos Vales, director do CEIDA | **A necesidade de adoptar boas prácticas ambientais nos establecementos turísticos.** Marisol Lorenzo | **Enerxías renovables e eficiencia enerxética aplicada ao turismo.** Bernardo Parajó, director de FAIMEVI | **Visita guiada polas instalacións de Alvarella,** na que se explicou o proceso da instalación de enerxías alternativas, o tratamento de residuos e as características e os materiais da bioconstrución.

Coorganizado coa Dirección Xeral de Turismo e a Deputación da Coruña.

Proxecto Fénix. O proceso de diagnose e actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental. Grupo de traballo concellos

24 de marzo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 20 traballadores da administración local.

Obxectivos: En novembro de 2006 a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Sociedade Galega de Educación Ambiental asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun proceso de diagnóstico e actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Contidos: Presentación do seminario e exposición dos datos do estudo diagnóstico de concellos. Dinámica participativa: definición de necesidades. Dinámica participativa: elaboración das liñas de acción.

Coorganizado coa Sociedade Galega de Educación Ambiental.

Xornada. A agua e nós: un equilibrio vital

25 de marzo > Casa da Cultura. Concello de Ordes

Participantes: 80 asistentes entre os que se atopaban escolares.

Obxectivos: Achegar aos máis novos a importancia da conservación dun recurso como é a auga e o seu consumo responsable.


Contidos: Inauguración: Xesús J. M. Pedreira Mirás, concelleiro delegado de Medio Ambiente,

formación e capacitación

Medio Rural e Sanidade do Concello de Ordes. Xulio López Pérez, área de sustentabilidade do CEIDA | **Presentación do libro Que me dis de.... A AUGA.** Nova Galicia Edicións. Carlos Del Pulgar Sabin, editor de Nova Galicia Edicións | **Charla A Auga e nós: un equilibrio vital.** Verónica Campos García e Andrés Burgos Delgado, educadores ambientais do CEIDA.

Coorganizado coa Deputación da Coruña e o Concello de Ordes.

Seminario Internacional: A cooperación na xestión das áreas protexidas



26 e 27 de marzo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 32 persoas relacionadas co medio ambiente, a cooperación e o desenvolvemento local.

Obxectivos: Este seminario internacional organizado polo CEIDA facilitou o intercambio de coñecementos, experiencias e ideas no ámbito da cooperación para a preservación de Espazos Naturais Protexidos.

Contidos: Os axentes de cooperación españois na conservación de espazos naturais. José Jiménez, director anexo do Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Ana Leiva, directora da Fundación Biodiversidad | **Mesa redonda: Experiencias de cooperación para a conservación no ámbito americano** moderada por Xulio López, área de cooperación do CEIDA, coas participacións: **La Gran Sabana, un espazo natural entre Venezuela, Brasil e Guayana.** Francisco Delascio, director de Protección Civil y Gestión de Riesgos do Estado Bolívar. **Parque Nacional do Iguaçu - Brasil.** Jorge Pegoraro, chefe do Parque Nacional do Iguaçu. **Parque Nacional do Iguaçu - Argentina.** Daniel Crosta, intendente do Parque Nacional de Iguaçu | **Mesa redonda: Iniciativas de cooperación en áreas protexidas ibéricas** moderada por Andrés Alcántara, Centro de Cooperación del Mediterraneo, UICN e na que se presentaron as experiencias: **Reserva de la Biosfera Intercontinental Andalucía - Marruecos.** Hermelindo Castro, presidente de Europarc- España. **Parque Natural del Montseny, Parque Nacional de Cévennes e Parque Nacional de La Amistad.** Joana Barber, directora do Parque Natural del Montseny. **Parque Transnacional Tajo - Tejo Internacional.** Guillermo Crespo, director federal de Medio Natural da Junta de Extremadura | **Mesa redonda: Iniciativas de cooperación en áreas protexidas transfronteirizas galegas** moderado por Carlos Vales, director do CEIDA, coas comunicacións: **Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés.** Xosé Benito

Reza, Director Xeral de Conservación da Natureza. **Parque Nacional Peneda Gerês.** Legido Domingos, director de Áreas Regionais do Norte de Portugal. **Reserva da Biosfera Río Eo e Terras de Burón.** Pablo Ramil, director de IBADER.

Comité organizador: Andrés Alcántara, UICN. Javier Gómez-Limón, Europarc- España. José Jiménez, Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Pablo Ramil, IBADER. Xosé Benito Reza, Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Carlos Vales, director do CEIDA.

Patrocina: Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Colaboran: UICN. Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores de Presidencia. Europarc-España. Organismo Autónomo de Parques Nacionales del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. IBADER.

VI Seminario: Respuestas desde la comunicación y la educación al cambio climático

Do 1 ao 3 de abril > CENEAM Valsaín, Segovia

Participantes: 60 asistentes.

Obxectivos: Realizar unha diagnose do desenvolvemento en España do Artigo 6 da Convención Marco sobre Cambio Climático, relacionada coa educación, a sensibilización, o acceso á información e a participación sobre o cambio climático.

Contidos: A percepción social do cambio climático. Resultados dunha demoscopia de ámbito

nacional promovida por Mapfre sobre cambio climático. Pablo Meira, Universidade de Santiago de Compostela | **A percepción social do cambio climático na Comunidade Valenciana.** Juan Carlos de Paz, Dirección General para el Cambio Climático, Generalitat Valenciana | **Os discursos sociais sobre o cambio climático: algunhas ideas a partir de grupos de discusión.** Ana Teresa López Pastor, Universidade de Valladolid | **A percepción social do cambio climático en Andalucía: análise dos resultados dos ecobarómetros andaluces.** Ricardo de Castro, Dirección General de Planificación e Información Ambiental, Junta de Andalucía | **Debate: necesidades e retos de investigación social en materia de cambio climático. Novos escenarios, propostas e retos na loita contra o cambio climático. O cambio climático dende a perspectiva do decrecemento.** Stefano Puddu, Entesa pel decreixement. **Efectos secundarios asociados ao aforro e á eficiencia.** Francisco Heras, Centro Nacional de Educación Ambiental. **Cotas domésticas: análise dunha proposta para limitar as emisións persoais.** María Sintés, Centro Nacional de Educación Ambiental | **Debate: Puntos fortes e puntos débiles das novas propostas na loita contra o cambio climático. Experiencias: O proxecto “Piensa en Clima”.** Aurelio García, Fundación Ecología y Desarrollo. **Talleres. Coherencia institucional ante o cambio climático | Publicidade e cambio climático. Experiencias: Programa Oficinas responsables.** Evangelina Nucete, Adena - WWF | **Avances do proxecto Climántica no curso 2008-2009.** Francisco Sónora, Dirección Xeral de Medio Ambiente | **Paseo pola pesqueiras Reales. Mesa redonda: Iniciativas de comunicación e educación nos plans e estratexias de loita contra o cambio climático.** Matilde

formación e capacitación

Cabrera, Consejería de Medio Ambiente, Diputación General de Aragón. Marta Santiago, A.T. Consejería de Medio Ambiente, Junta de Andalucía. Josep Planas, Consejería de Medio Ambiente, Generalitat de Cataluña. Marian Barquín, Iñobe, Gobierno Vasco | **Debate final** (plenario). Conclusiones, líneas de trabajo futuras, nuevas propuestas... | **Comunicación final: Cero CO2 Comunicación da Acción, Diploma Certificado de emisións Seminario 09.**

Coorganizado coa Oficina Española de Cambio Climático - OECC - e o Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM -.

Curso. Interpretación do patrimonio no tempo libre. Como comunicar de xeito eficaz os valores ambientais e culturais



18 e 19 de abril > Albergue xuvenil de Gandarío. Sada

Participantes: 20 persoas.

Obxectivos: Dar a coñecer a oportunidade que brinda esta disciplina aplicada ao mundo do tempo

libre. Descubrir sinxelas orientacións para aplicar as técnicas da interpretación do patrimonio. Tomar conciencia do significado do lugar visitado, e sentir desexo e compromiso de conservalo.

Contidos: A interpretación do patrimonio. Concepto, principios, requisitos e obxectivos. Elementos claves para unha comunicación efectiva e atractiva. A interpretación adaptada ao ámbito do ocio e tempo libre. Recursos, técnicas e recomendacións. Sendeiros e itinerarios guiados. Simulacións, traballo en grupo e exercicios prácticos. Avaliación.

Organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Intercambio de experiencias formativas. Visita dos técnicos e responsables políticos dos Campos de Aprendizaxe da Consellería de Educación do Goberno Balear para coñecer Equipamentos de Educación Ambiental

Do 20 ao 22 de abril > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 15 técnicos e responsables políticos da comunidade balear.

Unha delegación da Consellería de Educación do Goberno das Illas Baleares, entre os que se atopaban trece educadores ambientais e dous xefes de servizo, viaxaron a Galicia para coñecer os equipamentos de Educación Ambiental que traballan sobre alternativas enerxéticas e que as teñen integradas nas súas instalacións.

Coorganizado coa Universidade da Coruña.

Curso práctico. Cooperación ao desenvolvemento e medio ambiente. A clave para entender a pobreza



Do 20 ao 26 de abril > Centro de educación ambiental As Corcerizas, Ourense

Participantes: 30 persoas.

Obxectivos: Formar as ONGD en cooperación ambiental. Facilitar o intercambio de coñecementos e experiencias entre ONGD e asociacións ecoloxistas en temas de cooperación e medio ambiente. Contribuír para que o ambiente sexa aplicado de xeito transversal na cooperación.

Contidos: Fase I: Xornadas teóricas. Por que integrar o medio ambiente na Cooperación ao Desenvolvemento | Fase II: Xornadas prácticas.

Inauguración: Judith Sing, presidenta de Amigos da Terra. Xulio López, área de sustentabilidade do CEIDA. Pilar Cid, membro da comisión executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

■ **Mesa redonda Cooperación ambiental: logros e desafío.** Moderada por Laura López, da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios - Agareso -. Xulio López, área de sustentabilidade do CEIDA. Pilar Cid, membro da comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. María Paz, Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento ■ **Panel de experiencias Cooperación ambiental nas ONGD: mito ou realidade.** Enxeñeiros sen fronteiras. Asemblea de Cooperación pola Paz - ACPP -. Asociación por la Paz y el Desarrollo Solidaridad Internacional ■ **Panel de experiencias O papel das asociacións ecoloxistas na cooperación ao desenvolvemento.** ADEGA; Federación Ecoloxista Galega. Sociedade Galega de Historia Natural. Verdegaiá ■ **Grupos de traballo: Como incluír o medio ambiente nos proxectos de cooperación** I. Dinamizou Ricardo Mota, responsable de Cooperación Amigos da Terra estatal ■ **Visita guiada polo centro de educación ambiental As Corcerizas** ■ **Clausura:** Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Amigos da Terra.

Organizado por Amigos da Terra.

Colaboran: Agencia Española de Cooperación Internacional - AECID - Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. CEIDA.

formación e capacitación

Curso. Iniciación á Educación Ambiental

Do 22 ao 24 de abril > Castelo de Santa Cruz.
Oleiros

Participantes: 32 persoas que traballan como educadores ambientais, monitores de tempo libre, na administración municipal ou como docentes.

Obxectivos: Introducir as temáticas e as metodoloxías de traballo no ámbito da educación ambiental. Presentar os recursos e programas galegos de educación ambiental. Favorecer o intercambio e a reflexión sobre a crise ambiental e posibles respostas dende o ámbito socioeducativo.

Contidos: **Introdución á Educación Ambiental;** Antón Lois, Teixugo SCL. **Educación Ambiental para a conservación e xestión de espazos naturais protexidos.** Carlos Vales, CEIDA. **Cambio Climático e Educación Ambiental. Climática.** Francisco Sóñora, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible **Educación Ambiental e tempo libre educativo.** Pedro Brandariz, educador ambiental **Ambientalizar as actividades educativas.** Xulio López, CEIDA **Mesa redonda: Asociacionismo e Educación Ambiental en Galicia.** Analía Moares, Amigos da Terra. Ramsés Pérez, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia - ADEGA -. Sabela García, Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA -; Sonia Aguiar, Sociedade Galega de Historia Natural - SGHN - **Educación Ambiental para todos e todas. Atención a persoas con diversidade funcional.** Antonia López e Isabel Fernández,

Ambientarte **A interpretación do patrimonio como recurso para a Educación Ambiental.** Fernando Ramos, INECO. **Obradoiro: Recursos interpretativos na Illa de Santa Cruz.** Sonia Pazos, CEIDA **Equipamentos para a Educación Ambiental en Galicia.** Araceli Serantes, CEIDA e Universidade da Coruña **Axenda 21 Escolar de Galicia.** Manuel Salgado, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible **Visita ao Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.** Rebeca Vázquez, CEIDA **Creatividade en Educación Ambiental.** Andrés Burgos e Verónica Campos, CEIDA **Educación ambiental con mulleres no rural.** María Gómez, ADEGA **Mesa redonda: Programas institucionais de Educación Ambiental en Galicia:** Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Auga + Mar. Alfonso Filgueira, Concello de Narón. Carmen Méndez, Concello de Sanxenxo **Programas de EA en relación ao mundo mariñeiro.** María Ortega, Ardora Formación e Servizos, S. Coop. **Actividades de Educación Ambiental no Complexo Intermareal Umia-O Grove.** Manuel Domínguez, Ventos Estudos Ambientais **Educación Ambiental no desenvolvemento rural.** Antonio R. Corbal, Centro de Desenvolvemento Rural O Viso. **Recursos para a Educación Ambiental en Galicia.** Pablo Meira, USC **Mesa redonda: Empresas galegas de Educación Ambiental.** Francisco Brea, CEM S. Coop. Xoan R. Silvar, SEAS Servizos Medioambientales S.L. Roberto Figueroa, Terranova Interpretación y Gestión Ambiental S. L. Lucía González, HIDRIA Ciencia, Ambiente y desarrollo S.L. Avaliación.

Co patrocinio da USC e da Deputación Provincial da Coruña.

Programa Municipal RSO. A Natureza Perversa

9, 16 e 23 de maio > Castelo de Santa Cruz.
Oleiros

Organizado polo Concello de Oleiros coa colaboración do CEIDA.

Revalorizar a paisaxe. III Xornadas da Paisaxe Cultural do Noroeste

22 e 23 de maio > Edificio do Liceo. Betanzos

Participantes: 66 arquitectos e estudantes universitarios.

Obxectivos: Desenvolver tres cuestións fundamentais para atinxir o obxectivo da revalorización: aspectos técnicos na xestión e recuperación da paisaxe, a importancia da divulgación e a participación cidadá no proceso da posta en valor do patrimonio paisaxístico e a función vertebradora da vexetación na arquitectura da paisaxe.

Contidos: Inauguración. María Faraldo, alcaldesa de Betanzos. Pedro Taboada, secretario da Delegación Coruñesa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. José Manuel Andrade, director da Fundación Juana de Vega. José Crespí, arquitecto. Carlos Vales, director do CEIDA.

“Protección, recuperación e xestión da paisaxe”. 1ª Mesa: Construír paisaxe. A paisaxe industrial en Galicia. Pontes de García Rodríguez e Meirama. Isabel Aguirre, arquitecta.

Arqueoloxía industrial e creación de novos espazos públicos. Felipe Peña, arquitecto. Dentro da xornada tivo lugar a **inauguración da Exposición Baixo ceo**, do fotógrafo Melki Chichery. **Itinerario, arte y naturaleza. Una colección en el paisaje.** Teresa Luesma, directora del Centro de Arte y Naturaleza, Fundación Beulas, Huesca. **Zaragoza 2008. Una Exposición Universal. Un nuevo proyecto de ciudad.** Carlos Ávila, responsable de proxectos de paisaxismo da Expo Zaragoza 2008.

“Divulgación y museización da paisaxe”. 2ª Mesa: Patrimonio paisaxístico. Iniciativa cidadán. Alfredo Erias, director do arquivo de Betanzos. Alberto López Fernández, representante do Grupo Arqueolóxico da Terra de Trasmancos. Miguel Rodríguez, representante da Asociación Cultura libre de Paderne Roxín Roxal. Juan María García Otero, revista Restauro.

3ª Mesa: Divulgación e Protección dos Espazos Protexidos e da Paisaxe. Demetrio Espinosa, concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Ourense. Fernando Martínez Llamas, arquitecto autor do Centro de Interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense. Carlos Vales, director do CEIDA.


“Revalorizar a paisaxe”. Recuperação Ecológica e Paisagística da Mata de Lever – Área Metropolitana do Porto. Paulo Marques, doutor arquitecto paisaxista. Profesor de arquitectura paisagista da Universidade do Porto. **Conferencia “El concepto del paisaje: dinámica y evolución vs. Autenticidad e Integridad”.** Ana Luengo, doutora, arquitecta paisaxista, Universidade politécnica de Madrid. **4ª Mesa: Debate e conclusións.**

formación e capacitación

Obdulia Taboadela Álvarez, tenente de Alcalde do Concello da Coruña. Paola Sangalli, representante da Asociación Española de Paisajistas, Asociación Española de Ingeniería del Paisaje. Luis Cabral, vicepresidente da Associação portuguesa de Arquitectos Paisajistas. Andrés Reboredo, arquitecto.

Organizan: Concello de Betanzos, CEIDA e Fundación Juana de Vega.

Xornada. Da percepción social á comunicación do cambio climático



3 de xuño. Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 16 persoas pertencentes a distintos medios de comunicación e gabinetes de prensa galegos.

Obxectivos: Coñecer as principais estratexias de comunicación sobre cambio climático baseadas nas últimas investigacións sobre a percepción social de cara á celebración do Día do Medio Ambiente.

Contidos: Pablo Meira, profesor de Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela, impartiu un obradoiro sobre o cambio climático titulado **Da percepción social á comunicación do cambio climático.**

Coorganizado coa Asociación de la Prensa de La Coruña e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

VI Encontros Atlánticos de Neurociencia

Do 24 ao 27 de xuño. Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 60 persoas.

Contidos: **Presentación das xornadas.** NEUROcom, Universidade da Coruña | **Sinápsis tripartita: comunicación entre astrocitos e neuronas.** Alfonso Araque Almendros, Instituto Cajal | **Papel do subnúcleo reticular dorsal na transmisión e modulación da sensibilidade dolorosa.** Antonio Canedo Lamas, USC | **Adaptación específica a estímulos e detección de sons novos no sistema nervioso auditivo.** Manuel Sánchez Malmierca, Instituto Neurociencias de Castilla y León | **Mecanismos subcelulares da onda migratoria: desde os canais da membrana aos potenciais macroscópicos.** Óscar Herreras Espinosa, Instituto Cajal | **Estudo da**

fisioloxía sináptica en tempo real. Lucía Tabares Domínguez, Universidad de Sevilla | **As células da microglía: elementos clave na regulación da resposta inmunitaria no SNC.** Bernardo Castellano López, Universidad Autónoma de Barcelona | **O proteoma dos receptores de Kainato e a plasticidade sináptica.** Juan Lerma Gómez, Instituto de Neurociencias de Alicante | **Alteration of theta-time scale dynamics of hippocampal neurons by cannabinoids is associated with spatial memory impairment.** David Robbe, Instituto de Investigaciones Biomédicas August Pi I Sunyer | **Presentacións dos alumnos e discusión. Visita guiada á Fundación Barrié. O sistema olfactivo como modelo de procesamento neural.** Laura López Mascaraque, Instituto Cajal | **Migracións celulares no desenvolvemento do telencéfalo.** Juan de Carlos Segovia, Instituto Cajal | **Descomposición ontóxénica do prosencéfalo: un prato sofisticado con poucos ingredientes.** Salvador Martínez Pérez, Instituto de Neurociencias de Alicante | **Expresión xénica e memoria.** Ángel Barco Guerrero, Instituto de Neurociencias de Alicante | **Enriquecemento ambiental e factores tróficos como moduladores do desenvolvemento da microvasculación cerebral.** José Vicente Lafuente Sánchez, Universidad del País Vasco.

Organizan: Universidad Internacional Menéndez Pelayo e Grupo NeuroCom coa colaboración do CEIDA.

Curso de verán. **Conservación da biodiversidade, turismo e desenvolvemento local**



Do 29 de xuño ao 1 de xullo > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 37 técnicos de medio ambiente, turismo e desenvolvemento rural que traballan nas administracións galegas, guías e intérpretes do patrimonio e alumnado universitario.

Obxectivos: Coñecer conceptos básicos para a conservación da biodiversidade. Coñecer experiencias exitosas en Galicia e noutros lugares. Aprender técnicas básicas de planificación para facer posible o uso dos espazos e a conservación. Analizar experiencias prácticas.

formación e capacitación

Contidos: Conceptos básicos sobre bioloxía da conservación e diversidade biolóxica. **Valores da biodiversidade.** Carlos Albrieu, Universidade Nacional de la Patagonia Austral, Arxentina | **Estudo de casos: Ameazas a biodiversidade biolóxica. Exemplos da Patagonia Austral.** Silvia Ferrari, Universidade Nacional de la Patagonia Austral, Arxentina. **Exemplos de Galicia.** Antonio Sandoval | **Saída de campo. Conservación en desenvolvemento local. O caso do Proxecto Esmelle.** Xoan R. Silvar | **Itinerario. A ruta do río.** Voluntarios do Proxecto Esmelle | **Taller: Planificación para conservación da biodiversidade, atendendo aos usos sociais dos espazos (I).** Carlos Albrieu e Silvia Ferrari | **Estudo de casos: Conservación e participación social. A reintrodución do Cóndor Andino na Patagonia Austral.** Silvia Ferrari. **Cuenca Carbonífera de Río Turbio. Conservación de aves migratorias no estuario do Río Gallegos.** Carlos Albrieu | **Saída de campo: Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. Taller: Planificación para a conservación da biodiversidade, atendendo aos usos sociais dos espazos (II).** Carlos Albrieu e Silvia Ferrari | **Mesa de experiencias e boas prácticas. Conservación e turismo: un binomio posible e deseable.** Carmen Pita, directora - xerente de Turgalicia. Xavier Vázquez Pumariño, director técnico de Habitaq. José Antonio Amoeiro Mosquera, director do Parque Baixa Limia - Serra do Xurés. Emilio Louro, secretario da Confraría de Pescadores de Lira | **Estudo de casos: Conservación e turismo. Proposta para o uso ecoturístico da Reserva Natural Isla Deseada.** Silvia Ferrari | **Planificación e ordenamento turístico de Pingüinera de Cabo Vírgenes (Patagonia).** Carlos Albrieu.

O CEIDA contou coa colaboración de Naturalist Without Borders.

Conferencia Internacional: O ecoturismo baseado na comunidade



24 e 25 de agosto > Dili. Timor Leste

Nº participantes: 100.

A conferencia, que inaugurou o primeiro ministro de Timor Oriental, Xanana Gusmao, congregou a numerosos representantes de distintos colectivos interesados en Timor, así coma convidados internacionais procedentes de Indonesia, Australia, Portugal, Francia e España e estivo organizada por Haburas Foundation, principal organización da sociedade civil en Timor; o CIDAC, Instituto Português polo Desenvolvemento; e o Grupo de Antropoloxía aplicada da Universidade da Coruña, entre outras entidades de Australia e da Unión Europea. O ministro de Turismo, Comercio e Industria do país

asiático, Gil Alves, puxo fin a dous días de reunión e debate.

Pola súa banda, Carlos Vales, director do CEIDA participou no evento coa conferencia **Perspectiva internacional do turismo, o seu impacto na comunidade e alternativas.**

Curso: Educación Ambiental impartido polo CEIDA

21 de setembro > Río Gallegos. Arxentina

Nº participantes: 60.

O CEIDA foi o encargado de impartir este curso de Educación Ambiental organizado pola Universidade Nacional de la Patagonia Austral. Un grupo de alumnos recibiron formación da man de expertos galegos na temática.

Curso: Ferramentas técnicas para a compra pública responsable nas administracións públicas

Do 27 ao 30 de outubro > EGAP. Santiago de Compostela

Participantes: 25 persoas.

O curso foi organizado por Amarante e a Escola Galega de Administración Pública - EGAP - co financiamento da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e coa colaboración do CEIDA e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

II Xornadas da auga. Auga, medio ambiente e participación



28 e 29 de outubro > Casa Consistorial do Concello de Abegondo

Participantes: 52 profesionais dos sectores ambiental, turismo, xestión da auga e desenvolvemento local, entre outros.

Contidos: Directiva marco da auga e participación pública. Inauguración. Alejandra de Mon Rego, Directora Xeral de Innovación e Industrias Agrarias

formación e capacitación

e Forestais da Consellería do Medio Rural. José Antonio Santiso Miramontes, presidente do ADR As Mariñas-Betanzos. Roberto Arias Sánchez, xefe de área de servizo de execución de planificación e explotación de sistemas de Augas de Galicia. José Manuel Orejón Guillén, director técnico de Emalcsa. Carlos Vales, director do CEIDA ■ **Conferencia inaugural.** Abel La Calle Marcos, vicepresidente da Fundación Nueva Cultura del Agua ■ **Educación e participación cidadán para unha xestión sostible da auga.** Oscar Cid Favá, profesor da Universitat Rovira i Virgili e director del Camp d'Aprenentatge de l'Ebre ■ **Metodoloxías de participación pública na xestión da auga.** Muntsa Niso Holgado, responsable da Unidad Singular de Participación Agencia Catalana del Agua ■ **Programa Empleaverde.** Urbano Fra Paleo, Laboratorio do Territorio (LaboraTe), USC ■ **Mesa redonda: Experiencias de participación pública na xestión da auga e o medio ambiente.** José Álvarez Díaz, xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Roberto Arias Sánchez, Xefe do Servizo de Execución de Planificación e Explotación de Sistemas de Augas de Galicia; Javier Fernández Pereira, xefe da Área de Planificación Hidrolóxica da Confederación Hidrográfica do Douro ■ **Estratexias de posta en valor do medio ambiente a través da auga. Exemplos de estratexias ambientais a través da auga. Mesa I:** *Concello de Guitiriz: unha estratexia local de desenvolvemento centrada na auga.* Regina Polín Rodríguez, alcaldesa de Guitiriz. *Recuperación da área de Las Porquerizas e o medio acuático de Banyoles.* Miquel Campos Llach, Consorci d'Estany - Proyecto Life+ Naturaleza. *Recuperación dos humidais asociados ao Canal de Castilla.* Eduardo de Miguel Beascochea, Fundación Global Nature - Proyecto Life+ Naturaleza. **Mesa II:**

O proxecto eFlus: impactos. Miguel Ángel Rubio, coordinador de Asociación para a Defensa Integral da Manchuela Alta - ADIMAN -, grupo coordinador do proxecto Leader Plus eFlus (Xestión Sostible dos Espazos Fluviais). *Unha estratexia centrada no salmón.* Juan Antonio Lázaro Menéndez, xerente do GDR Bajo Nalón. *Proxecto Ríos de voluntariado ambiental.* Ramsés Pérez, ADEGA. **Clausura.** Jorge M. Blanco Ballón, xerente do Programa LEADER+ADR Mariñas-Betanzos.

Organizan: Augas de Galicia. Concello de Abegondo. Proxectos Espacios Ambientalmente Competitivos Leader+. Proxecto Aqua Plann Life +.

Coordinado polo CEIDA.

O cambio climático, unha consecuencia máis dun modelo insustentable

31 de outubro e 1 de novembro // 28 e 29 de novembro > As Corcerizas. Ourense

Participantes: 25 persoas.

Contidos: A actividade distribuíuse en dúas fases. Na primeira delas tratouse a educación ambiental como ferramenta para o cambio. Na segunda fase traballáronse as accións prácticas para o cambio.

Organiza Amigos da Terra coa colaboración do CEIDA.

Curso. Desde o proxecto dun centro de visitantes ao deseño dun pequeno museo. Oportunidades para o desenvolvemento local e o turismo



12 e 13 de novembro > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 85 persoas pertencentes ao sector turístico e á docencia.

Relator: Carlos Fernández Balboa, profesor da Escola Nacional de Museología e do Centro Internacional para la Conservación del Patrimonio - CICOP - de Bos Aires.

Contidos: Bloque 1: Deseño de centros de visitantes e de museos. Deseño e montaxe dunha exhibición interpretativa. Exposición como experiencia interpretativa. Espazos construídos con escasos recursos. A colección: posta en valor e uso. Análise do espazo e dos visitantes. Selección dos obxectos e apoios para a exhibición. **Bloque 2:** A interpretación do patrimonio como ferramenta de traballo. Como disciplina de comunicación. Como ferramenta de educación non formal. Guión museolóxico e guión museográfico. Frase - tema e mensaxe. A importancia dun equipo interdisciplinario. Uso da interpretación nos espazos museolóxicos. **Bloque**

3: A importancia dos centros de visitantes e os museos como recurso para o turismo e desenvolvemento local. O espazo de exhibición como atractivo turístico. O papel do guía turístico. Características e principios das exposicións: turistas - poboación local - outros públicos?. Tipoloxías de museos. Museografía / Museoloxía / Museonomía. Museos en Europa e América.

Coorganizado coa Deputación da Coruña.

**Encontro de Novos Escritor@s.
Eu ou nós?**

**20 e 21 de novembro > Castelo de Santa Cruz.
Oleiros (A Coruña)**

Participantes: 30 escritores galegos.

Contidos: Mesa “A literatura (auto)referenciada”. Iolanda Zúñiga, Inma López Silva e Alberto Lema. Coordinadora: María Xesús Nogueira. **Mesa “Noticias da poesía última”.** Alicia Fernández, Andrea Núñez e Gonzalo Herme. Coordinadora: Elvira Riveiro Tobío. **Mesa “(Auto)edición: a mirada do libro de autor/a”.** Carlos Vinagre, Baldo Ramos e Uqui Permui. Coordinadora: Antía Otero. **Mesa “O peso da nación”.** María Lado, Estíbaliz Espinosa e Séchu Sendé. Coordinador: Francisco Castro. **Recital poético - musical.** Eduardo Estévez. Alicia Fernández. Antía Otero. Mario Regueira e Elvira Riveiro. Colectivo Oruga = Os poros da palabra fanse música.

A Asociación de escritores en lingua galega organizou este encontro.

Colaboran: Fundación Luís Seoane. Centro Español de Derechos Reprográficos. CEIDA.

formación e capacitación

Xornada. Turismo e sustentabilidade: o Xacobeo, unha oportunidade para o desenvolvemento en Galicia



24 de novembro > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 45 responsables e técnicos de áreas coma turismo, desenvolvemento local e medio ambiente ademais de informadores e guías turísticos.

Contidos: **Inauguración.** Ángel García Seoane, alcalde de Oleiros e presidente do CEIDA. Carlos Vales, director do CEIDA. **Conferencia. O Xacobeo como recurso turístico de Galicia: propostas para o 2010.** Ignacio Santos Cidrás, Xerente do Xacobeo. **Mesa redonda. O Camiño de Santiago, unha oportunidade para un turismo sustentable.** **Exemplos de boas prácticas** moderada por Carlos Rodríguez Carro, secretario académico de Turismo

no Centro Español de Nuevas Profesiones. Interviwéron: Juan José Gómez, xerente da Fundación Comarcal da Ulloa. María Varela, xerente da casa de turismo rural A Parada das Bestas (Palas de Rei, Lugo). Xosé Luis Garza, director de actividades de Vida Láctea S.L.U., empresa organizadora de actividades no Camiño de Santiago.

Curso. Boas prácticas ambientais na hostalería. Edición Norte

Do 23 ao 25 de novembro > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 15 profesionais da hostalería.

Contidos: **Eficiencia enerxética e bioconstrución.** Bernardo Parajó, director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAI-MEVI -. Jorge Gude, director de Alvarella Ecoturismo - Albergue Turístico Rural -. **Aproveitamento sostible dos recursos naturais.** Javier García, secretario do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia - CRAEGA -. Ángel Lorenzo, comunicación Euroeume. **Mesa redonda:** Beatriz Sotelo, cociñeira do Ano 2008 polo Grupo Caterdata, restaurante La Estación de Cambre. José Manuel Fraga, presidente da Cooperativa Galega de Carne Ecolóxica - COGACE -. Fernando San Esteban, coordinador de comercialización e planificación de Agrícola A Curuxeira. **Residuos e auga.** Alfonso del Val, consultor ambiental experto en tratamento de residuos.

O CEIDA organizou este curso grazas ao patrocinio da Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería

de Cultura e Turismo e coa colaboración da Confederación de Empresarios de Hostelería de Galicia - CEHOSGA.

Curso: Boas prácticas ambientais na hostalería. Edición Sur

Do 24 ao 26 de novembro > Centro Cultural de Deputación de Ourense. Ourense

Participantes: 10 profesionais do sector hostaleiro.

Contidos: **Eficiencia enerxética e bioconstrución;** Ana Belén Albo, responsable do departamento técnico de Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI -; Jorge Gude, director de Alvarella Ecoturismo - Albergue Turístico Rural -. **Aproveitamento sostible dos recursos naturais.** Chus Garza, responsable de comunicación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia - CRAEGA -. Ramón Nidarte, xerente da Mancomunidade do Salnés.

Mesa redonda: Beatriz Sotelo, cociñeira do Ano 2008 polo Grupo Caterdata, restaurante La Estación de Cambre. Anabel Dacosta e Charo Sánchez, Cooperativa Verín Biocoop. Antonio González, cooperativa Santa Mariña de Loureiro. **Resíduos e auga.** Alfonso del Val, consultor ambiental experto en tratamento de residuos.

Patrocina: Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo.

Colaboran: Confederación de Empresarios de Hostelería de Galicia - CEHOSGA -. Deputación de Ourense.

Seminario. A conservación en acción. O desafío de conservar os océanos



10 e 11 de decembro > Castelo de Santa Cruz. Oleiros > Domus. A Coruña

Participantes: 43 persoas as cales eran principalmente biólogos.

Contidos: **Inauguración.** Xosé Antón Fraga, director dos Museos Científicos Coruñeses. Carlos Vales, director do CEIDA | **Conferencia: Desafíos da conservación no século XXI.** Joan Domènech

formación e capacitación

Ros, catedrático de Ecología da Universitat de Barcelona ■ **Mesa redonda: Proxectos de conservación.** Introduciu e moderou Carlos Vales. **Programas ministeriais de conservación do medio mariño.** Silvia Revenga Martínez, xefa de servizo da Subdirección General de Conservación de los Recursos Litorales y Acuicultura, Secretaría General del Mar, Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. **Proxecto Indemares.** Ignacio Torres, director de Estudos e Proxectos da Fundación Biodiversidad. **Áreas Mariñas Protexidas en España: unha proposta.** Ana Torriente, responsable da campaña de conservación de hábitats no atlántico-leste de Oceana Europa. **IBAS mariñas: nova figura de protección no mar.** Juan Carlos Atienza, Seo/Birdlife ■ **Mesa redonda: Instrumentos de conservación.** Introduciu e moderou Carlos Muñoz, xefe de servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural na Coruña. **Reservas mariñas de interese pesqueiro.** José Molares, subdirector xeral de Ordenación dos Recursos Mariños da Consellería do Mar. **Integración das comunidades locais en proxectos de conservación: o exemplo das Illas Galápagos.** Javier Benayas, profesor de Ecoloxía da Universidade Autónoma de Madrid. **O turismo como aliado da conservación.** Olga García, ecóloga, especialista en medio ambiente e ecoturismo. **Ospar, un instrumento de cooperación internacional para a protección do medio mariño.** José Antonio Fernández, director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ■ **Mesa redonda: O estado do medio mariño.** Introduciu e moderou Xosé Antón Fraga. **Os hábitats mariños**

galegos e o seu valor de conservación; Victoriano Urgorri, responsable da Estación de Bioloxía Mariña A Graña da Universidade de Santiago de Compostela. **A vexetación mariña, importancia e ameazas.** Javier Cremades, profesor titular do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da Universidade da Coruña. **Presións dende o litoral.** Emilio Fernández, profesor titular do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo. **Conferencias: Os organismos mariños como fonte de medicamentos.** Santiago Bueno, xefe do departamento de Colección de Organismos Mariños de PharmaMar. **Aquarium Finisterrae, un instrumento para promover a conservación do mar.** Francisco Franco del Álamo, director técnico do Aquarium Finisterrae ■ **Visita guiada ao Aquarium Finisterrae**

Coorganizado con Museos Científicos Coruñeses e Aquarium Finisterrae.

Colaboran: Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo.

Máster: Xestión ambiental, auditoría e xestión do medio ambiente municipal

Outubro 2008 a xullo 2009 > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 11 alumnos.

Organizado por OFC Centro de Formación Ambiental coa colaboración do CEIDA.

O CEIDA, ao longo do 2009, participou activamente en eventos organizados por outras entidades ás que pertence, tales como a UICN ou o RECIDA. Noutras ocasións, o persoal do centro galego asistiu como representante en dinámicas organizadas a nivel estatal.

Seminario para a elaboración do Plan de Acción da Rede de Reservas da Biosfera españolas

do 11 ao 15 de maio > Parque Natural do Montseny

Educadores, xestores das trinta e oito reservas da biosfera española e dos espazos protexidos de Barcelona, así como responsables das distintas administracións públicas faláron dos criterios para elaborar o Plan de Acción. O Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino impulsou o seminario.

VI Foro de Biodiversidad do Comité Español da UICN. Pérdida de Biodiversidad: causas y estrategias para combatirla

21 e 22 de maio > Palacio de Villa Suso.
Vitoria-Gasteiz

Organizado polo Comité Español da Unión Internacional para a Conservación da Natureza; do cal o CEIDA é membro.

Seminario RECIDA. VIII Seminario de Centros de Documentación Ambiental y Espacios Naturales Protegidos

Do 24 ao 26 de xuño > La Laguna, Tenerife

Organizado polo Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - e o Parque Natural de la Zona Volcánica de la Garrotxa coa coordinación do Goberno de Canarias. Os asistentes foron os membros da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental e Espazos Naturais - RECIDA-, entre os que se atopaban dúas representantes do Centro de Documentación Domingo Quiroga do CEIDA.

VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental - Eduambiengal 09

Do 25 ao 27 de xuño > Santiago de Compostela

Os responsables das áreas de traballo do CEIDA participaron con comunicacións orais nas distintas seccións temáticas que tiveron lugar ao longo dos catro días das xornadas. Por outra banda, Carlos Vales, director do CEIDA foi un dos integrantes da mesa redonda **Perspectivas sobre a Educación Ambiental en Galicia** coordinada por Pablo Meira Cartea. O Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela organizou as xornadas.

formación e capacitación

VI Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental

Do 16 ao 19 de setembro > Provincia de Buenos Aires, Argentina

Realizouse baixo o lema **Enriquecendo as propostas educativo-ambientais para a acción colectiva.**

II Seminario de Centros de Referencia en Educación Ambiental

Do 30 de setembro ao 1 de outubro > Centro de Educación Ambiental de la Comunitat Valenciana (CEA)

Centros de referencia: son equipamentos cuxa función principal é xerar e coordinar accións de educación ambiental, a través da formación de formadores e decisores, a divulgación de experiencias e boas prácticas, o asesoramento pedagóxico de proxectos, o apoio de grupos de traballo e a xestión de información a través dos seus centros de documentación ambiental.

O CEIDA participou neste seminario que tivo como obxectivo reflexionar sobre as funcións dos centros de referencia en Educación Ambiental como son a divulgación, información, documentación ou a formación, e a creación dunha rede nacional que permita o inter-

cambio de recursos e experiencias, así como a organización de actividades conxuntas entre os mesmos. A actividade estivo organizada polo Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

VI Seminario de Equipamientos de Educación Ambiental

Do 14 ao 16 de outubro > Centro d'Ecoturisme i Formació El Teularet (Valencia)

Organizado polo Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. A investigación sobre a situación profesional dos equipamentos de educación Ambiental e a calidade destes foron os temas tratados.

VI Xornadas do Proxecto Esmelle

17 de outubro > Local da AAVV Esmelle. Ferrol

Araceli Serantes, xefa da área de Extensión Universitaria do CEIDA participou como relatora nestas xornadas organizadas pola Asociación Esmelle. O proxecto pretende un plan de recuperación do patrimonio material e inmaterial a través da implicación dos veciños desta parroquia ferrolana.





Jane Goodall en Galicia

No mes de maio, o Castelo de Santa Cruz de Oleiros e a cidade da Coruña recibiron da man do CEIDA e os Museos Científicos Coruñeses a visita da prestixiosa primatóloga e naturalista inglesa Jane Goodall.

Dentro do seu plan de visita incluíuse a presentación do instituto que leva o seu nome, ademais de dar a coñecer a súa experiencia de campo cos chimpancés, na que traballa dende mediados do século pasado, e que dou resultados que revolucionaron a comunidade científica.



Federico Bogdanowicz, Ferrán Guayar, Jane Goodall e Carlos Vales nos xardíns do Castelo

Tras a invitación feita polo Ceida e polos Museos Científicos Coruñeses, a primatóloga Jane Goodall visitou por primeira vez o Castelo de Santa Cruz e A Coruña o 12 de maio. A naturalista inglesa interesouse en coñecer as especies autóctonas dos xardíns do Castelo, así como as instalacións da sede do Ceida.

Nun acto pechado, Goodall reuniuse con máis de cincuenta xornalistas de distintos medios de comunicación, tanto autonómicos como nacionais, contándolles a súa experiencia de case cincuenta anos convivindo cos chimpancés na localidade de Gombe, en Tanzania.

Na súa visita, Jane Goodall tamén ofreceu no Pazo da Ópera da Coruña a conferencia “O que aprendín dos chimpancés. A conserva-

ción das especies ameazadas” a máis de 400 persoas interesadas no seu traballo. Goodall presentou a súa experiencia como primatóloga defendendo a súa aposta por unha conciencia ambiental global. Afirmou que a preservación de especies como os chimpancés depende de factores maioritariamente económicos. Por outra parte explicou as revolucionarias conclusións ás que chegou durante as investigacións que realizou en Gombe ao longo da súa estadía alí: os chimpancés son animais evolucionados capaces de realizar calquer tipo de actividade mental e que poden aprender a linguaxe de signos. Foi aquí onde a primatóloga comprobou que os humanos non son os únicos animais capaces de fabricar e utilizar ferramentas.

Jane Goodall



Ao día seguinte, as principais cabeceiras dos xornais galegos abriron a súa edición coa visita da primatóloga galardoada co Premio Príncipe de Asturias de las Ciencias destacando que foi pioneira na etoloxía dos primates en liberdade ademais de sinalar que é unha das investigadoras máis recoñecidas a nivel mundial. A maioría dos titulares falaban da relación que fixo a primatóloga entre a extinción dos chimpancés e a crise económica mundial.

Obra bibliográfica

Jane Goodall publicou vinte e tres libros ademais de innumerables artigos científicos e cerca de vinte producións para cine e televi-

sión. “Gracias a la vida” é unha das súas obras máis coñecidas. O seu traballo foi fundamental non só para difundir coñecementos sobre os chimpancés e outras especies, senón tamén para xerar empatía cara a eles e afianzar a súa protección e a dos seus ecosistemas. Goodall foi distinguida con máis de noventa premios internacionais como a Legión de Honor Francesa ou o nomeamento de Dama do Imperio Británico.

Instituto Jane Goodall

Co obxectivo de promover a protección das especies e dos ecosistemas, a primatóloga puxo en marcha nos anos 60 o Instituto Jane Goodall - IJG - que, en termos xerais, traballa na sustentabilidade natural e na educación das comunidades locais. Con delegacións por todo o mundo, o IJG leva a cabo diferentes proxectos de investigación e conservación en distintos países de África, entre os que destacan o Parque Nacional de Gombe, o centro de recuperación e reserva de Tchimpounga na República do Congo, o santuario de Ngamba Island en Uganda, e outros en Guinea, Senegal, Gabón e Sudáfrica. Dende o 2007, España conta cunha delegación do IJG que desenvolve distintas actividades.

Roots&Shoots é un programa que se leva a cabo nas distintas delegacións do IJG por todo o mundo e que tivo a súa orixe en 1991 na capital de Tanzania, Dar es Salaam, cando un grupo de dezaseis estudantes se reuniron con Jane Goodall e, alentados polas súas pala-



Jane Goodall no Pazo de Congresos da Coruña

bras, decidiron actuar para protexer o medio no que vivían. Trátase dunha actividade que está destinada especialmente ao profesorado e ao alumnado e que consiste en desenvolver proxectos que fomenten o respecto e a empatía polos seres vivos promovendo así o entendemento entre todas as culturas e motivando a cada individuo a actuar para facer do mundo un sitio mellor para as persoas, os animais e o medio ambiente. O programa está presente en case cincuenta países de todo o mundo no que participan arredor de 8.000 grupos.

A comunidade educativa galega tivo a oportunidade de coñecer o programa Roots&Shoots e as demais actividades que se realizan dende o IJG España da man de Federico Bogdano-

wicz, coordinador xeral do IJG España, e de María José Ridao, técnica do mesmo.

Mobilízate pola Selva

Aproveitando a visita de Jane Goodall a Galicia, a entidade financeira Caixa Galicia e o CEIDA uníronse para colaborar co Instituto Jane Goodall a través da campaña **Mobilízate pola Selva**. Posta en marcha no mes de setembro, esta campaña consiste na recompilación de móbiles para a súa reciclaxe co fin de protexer os ecosistemas africanos e recadar fondos para os programas de educación e conservación no Congo, como o que está levando a cabo o centro de recuperación de chimpancés de Tchimpounga. Caixa Galicia, a través da súa Obra Social, habilitou distintos puntos de recollida por toda Galicia mentres que o CEIDA fomenta a súa recollida entre os concellos e os centros escolares galegos.

A reciclaxe de móbiles axuda a reducir a demanda dos seus compoñentes, entre eles o coltán, a volver a usar elementos e a tratar adecuadamente os materiais tóxicos evitando así a degradación do medio. Ante un panorama no que a reciclaxe de teléfonos é inferior ao 5% e que tan só en España existen máis de 52 millóns de liñas telefónicas, **Mobilízate pola Selva** pretende que aumente a porcentaxe de terminais reciclados co fin de reducir o consumo do coltán. Este é un mineral que se extrae na República Democrática do Congo

Jane Goodall

con man de obra semiescravizada onde, ademais, se destrúen os hábitats de moitas especies africanas.

Manuel Aguilar, director da Obra Social de Caixa Galicia; Carlos Vales, director do CEIDA; e a galega Rebeca Atencia, directora do centro de recuperación de chimpancés de Tchimpounga, foron os encargados de presentar ante os medios de comunicación a campaña **Mobilízate pola Selva** o 14 de setembro de 2009.

Ciclo de conferencias

Caixa Galicia, o CEIDA e o Instituto Jane Goodall tamén se uniron para organizar un ciclo de conferencias sobre o traballo que desenvolve o IJG a favor da conservación dos chimpancés en Tchimpounga (República do Congo). Rebeca Atencia, directora do centro de recuperación de chimpancés de Tchimpounga, e Fernando Turmo, coordinador de comunicación do Instituto Jane Goodall no



Federico Bogdanowicz e Jane Goodall na sede do CEIDA

Congo encargáronse de impartir estas conferencias baixo o título **Rescatando chimpancés no Congo: o desafío da súa conservación.**

Data, lugar das conferencias e número de asistentes

14 setembro	Castelo de Santa Cruz	45 persoas
16 de setembro	Sede da Fundación Caixa Galicia de Ferrol	118 persoas
17 de setembro	Sede da Fundación Caixa Galicia de Lugo	52 persoas
22 de setembro	Sede da Fundación Caixa Galicia da Coruña	65 persoas





Congreso Internacional Natureza e Imaxe

O I Congreso Internacional Natureza e Imaxe, organizado polo CEIDA, a International Wildlife Photography Society e os Museos Científicos Coruñeses, celebrouse do 27 ao 31 de maio na Coruña e en concellos da comarca. O congreso reuniu diversas actividades coma cursos de fotografía e ilustración, exposicións, proxeccións audiovisuais, mesas de expertos en conservación da natureza e espectáculos cetreiros.

Para levar a cabo ditas actividades os organizadores contaron co apoio das seguintes entidades: Consorcio As Mariñas; Concellos da Coruña, Abegondo, Bergondo, Culleredo, Oleiros e Sada; Haley; Foto Artús; Caixanova; Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia -ADEGA-; Grupo Naturalista Hábitat e Sociedade Galega de Historia Natural - Delegación As Mariñas.

Obradoiro. Iniciación á ilustración

Do 27 ao 29 de maio > Aula da Natureza.
Abegondo (A Coruña)

Participantes: 20 **Relator:** Calros Silvar*, ilustrador
Coorganizado con Museos Científicos Coruñeses e International Wildlife Photography Society.

Obxectivos

Introducir aos participantes nas técnicas básicas de debuxo para a realización de apuntamentos de campo, facilitando un rexistro de primeira man que complementa, precise e enriqueza as observacións efectuadas, ao tempo que serva de base para a realización de traballos máis complexos.

Contidos

Presentación e introdución. Materiais e equipamento básico. Técnicas de expresión. Retentiva. Forma e proporción. A luz e a valoración tonal. Apuntes do natural.

Colaboracións

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Deputación da Coruña. Universidade da Coruña. Consorcio das Mariñas. Concellos de Abegondo, Bergondo, Culleredo, Oleiros, Sada e



A Coruña. Caixanova. Haley. Foto Artús. Grupo Naturalista Hábitat. Sociedade Galega de Historia Natural - delegación As Mariñas. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia - ADEGA -.

*Calros Silvar

Licenciado en Belas Artes e Diplomado en interiorismo. Especializado en ilustración da natureza. Traballou como *freelance* e é deseñador do Grupo Sargadelos na Cerámica do Castro. Editou máis de cen títulos con distintas editoriais galegas e realiza ilustracións para a serie Baía Verde de Baía Edicións. Ten impartido cursos de debuxo, fotografía, montaxes audiovisuais e ilustración da natureza para distintas institucións. As súas ilustracións, debuxos de humor e bandas deseñadas outorgáronlle distintos galardóns de merecido prestixio.

actividades formativas

Curso de Fotografía de natureza

30 de maio > Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 56 persoas | **Relatores:** Fran Nieto* e Albert Masó** | **Coorganizado** con Museos Científicos Coruñeses e International Wildlife Photography Society.

Obxectivos

Dotar aos participantes de ferramentas e coñecementos para a realización de fotografías da natureza.

Contidos

O equipo fotográfico. Cámara. Obxectivos. Trípode. Complementos. Iniciación á fotografía de fauna. Como localizala. Equipo específico. Como achegarse a ela. Iniciación á fotografía de flora. Equipo específico. Normas de simplificación.

A viaxe fotográfica do naturista. Preparación da reportaxe fotográfica, elección do equipo axeitado e planificación da ruta, documentación sobre o terreo, consellos para antes, durante e despois da viaxe.

*Fran Nieto

Especializado en macrofotografía, aínda que practica todas as especialidades relacionadas coa fotografía da natureza, con excepción da submariña e da alta velocidade. Coordinador para Galicia da Asociación Española de Fotógrafos da Natureza (AEFONA), membro fundador da Sociedad Internacional Wildlife Photography Society e director da revista Natureza Salvaxe. Obtivo máis de 40 premios, impartiu máis de 50 cursos de fotografía e realizou tamén numerosos audiovisuais. <http://www.frannieto.es>

**Albert Masó

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Barcelona, é membro do departamento de Ecoloxía. Profesor de fotografía científica, técnica e naturalista, a súa obra fotográfica está publicada en numerosas revistas e libros a nivel internacional. O seu arquivo consta de máis de 30.000 diapositivas e obtivo numerosos premios en todo o estado. <http://www.foreste.com/maso/cv.htm>

Captura dixital e arquivo. Procedementos de captura de imaxes dixitais con seguridade e eficacia. Sistemas de arquivo para optimizar a búsqueda de temas concretos. Tipos de Soporte. Fluxo de traballo máis axeitado. Preparación das imaxes para un acabado eficiente. Datos de interese e verbas clave.

Colaboracións

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Deputación da Coruña. Universidade da Coruña. Consorcio das Mariñas. Concellos de Abegondo, Bergondo, Culleredo, Oleiros, Sada e A Coruña. Caixanova. Haley. Foto Artús. Grupo Naturalista Hábitat. Sociedade Galega de Historia Natural - delegación As Mariñas. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia - ADEGA -.



O límite do mar.

Fotografías de Fran Nieto

Do 25 de maio ao 30 de xuño na Aula Multimedia do Concello de Abegondo.

A mostra recolle instantáneas da franxa costeira coruñesa que vai de Cabo Prioriño ata a praia de Valdoviño.

Antártida

Fotografías de Carlos Caraglia

Do 26 de maio ao 3 de xuño na Casa da Cultura Pintor Lloréns. Sada.

A mostra, que recolle imaxes do continente antártico, foi inaugurada por José Garrote, concelleiro de Deportes, Turismo e Medio Ambiente de Sada; Abel López Soto, alcalde de Sada; Carlos Caraglia, autor da exposición e Carlos Vales, director do CEIDA.

O Congreso invadiu as salas de exposición da comarca con mostras de ilustración e fotografía. Os concellos participantes nas exposicións foron: A Coruña, Abegondo, Bergondo, Culleredo, Oleiros e Sada, que exhibiron as seguintes mostras:

Un desexo, un país: Bolivia

Fotografías de Xela S. Lariño

Do 1 ao 30 de xuño na Aula da natureza do Xardín Botánico. Culleredo.

Un centenar de instantáneas compoñen esta exposición que percorre a natureza, cultura e folclore do país sudamericano.

No acto inaugural interviron Celestino Poza, concelleiro de cultura de Culleredo; Xela S. Lariño, autora da exposición e Carlos Vales, director do CEIDA.



© Xela s. Lariño

exposicións simultáneas

Unha ollada natural

Ilustracións de Carlos Silvar

Do 25 de maio ao 30 de xuño de 2009 no Castelo de Santa Cruz. Oleiros ■ 1.611 visitantes.

Na mostra amósanse os traballos de natureza do ilustrador Carlos Silvar. O visitante pode contemplar dende as libretas de campo cos apuntamentos obtidos da observación inicial ata as ilustracións finais a cor e con todos os detalles.

A inauguración correu a cargo de Carlos Silvar, autor da exposición, Rebeca Vázquez, coordinadora do Congreso e Carlos Vales, director do CEIDA.

Ollando a Lusofonía

Exposición fotográfica colectiva

Do 21 ao 26 de maio no Forum Metropolitano. A Coruña ■ Do 27 ao 31 de maio na Domus. A Coruña ■ 2.378 visitantes.

Nove profesionais da fotografía de países de fala galego-portuguesa expoñen instantáneas que reflicten a identidade común das xentes e paisaxes destes territorios.

Doce e salgada

Fotógrafo: Fran Nieto

Do 25 de maio ao 12 de xuño na Casa A Senra. Bergondo.

Unha mostra na que o fío condutor de todas as instantáneas é a auga na natureza. Así o visitante atopa dende a bravura das ondas ata o remanso dun río pasando por fervezas e tornados.



© Fran Nieto

Autor	Localización fotografías
Xacobe Meléndrez	Galicia
Katia Silva	Timor Leste
Mário Jaleco	Mozambique e Angola
Vítor Nogueira	Brasil

Autor	Localización fotografías
António Luís Campos	Portugal
Jorge Rosmarinho	Guinea Bissau
Ricardo França	San Tomé e Príncipe
Xulio Villarino	Cabo Verde

Os días 30 e 31 de maio a Sala Leonardo da Vinci da Domus (A Coruña) acolleu a emisión continuada de audiovisuais de natureza e imaxe.

Ademais da emisión dos vídeos, na citada sala, tivo lugar a mesa redonda **A natureza galega e os desafíos da súa conservación**, na que interviron Pedro Galán Regalado, profesor do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da Universidade da Coruña; Pablo Ramil Rego, director do

Instituto de Biodiversidad Agraria y Desarrollo Rural - IBADER -; Manuel Rodríguez Guitián, profesor do departamento de produción vexetal da Universidade de Santiago de Compostela -USC-; Victoriano Urgorri Carrasco, director da Estación de Bioloxía Mariña de A Graña; Fernando Cobo Gradín, director da Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” dependente da USC e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA. Xosé A. Fraga Vázquez, director dos Museos Científicos Coruñeses, foi o encargado de moderar a mesa.

Carteleira do congreso

As proxeccións do congreso contaron, en moitos casos, coa presentación dos seus autores.

Presentaron os seus traballos os fotógrafos: Luis Miguel Domínguez, Luis Monje, Fran Nieto, Nilo Merino, Carlos Sanz, João Cosme e Filipe Silva. Así, os espectadores puideron coñecer de primeira man as perspectivas dos autores e dialogar con eles.



El toro amigo

Autor: Luis Miguel Domínguez

Pouco é o que sabemos dos nosos touros de lidia mentras están medrando nas devesas, cercados en numerosas ocasións por un ecosistema de gran riqueza e diversidade.

Introducción a la fotografía infrarroja

Autor: Luis Monje

A posibilidade de fotografar en lonxitudes de onda máis curta que a luz visible supón adentrarse nun territorio cheo de sorpresas e posibilidades.

proxecións audiovisuais

La costa Ártabra

Autor: Fran Nieto

O tramo de costa comprendido entre Ares e Cabo Ortegal é un dos mellor conservados do litoral español, cunha riqueza paisaxística que merece un recoñecemento no seu nivel de protección.



© Nilo Manrique

Cien latidos

Autor: Francisco Mingorance

Cen das mellores tomas dun dos fotógrafos da natureza españois máis recoñecidos e que publicou recentemente o libro que leva por título **Cien Latidos**.



© Francisco Mingorance

Intervalos

Autor: Nilo Merino

Un percorrido por diferentes técnicas e formas de aproximarse á fotografía dos grandes espazos naturais que temos no norte da Península.

Pacto con lobos

Autor: Carlos Sanz

O lobo acompañou ao home na súa expansión pola Península Ibérica. Por desgracia numerosos factores, entre eles o medo atávico á súa presenza, levárono ao borde da extinción. Por fortuna, algunhas persoas como Carlos Sanz realizan un enorme esforzo por divulgar a importancia e a necesidade da súa conservación.



Ríos de Vida

Autor: João Cosme

Portugal posúe unha gran riqueza biolóxica vinculada aos seus ríos, riqueza que non sempre é coñecida nin sequera polas poboacións máis próximas.

Imágenes de un mundo a preservar

Autor: Filipe Silva

Posiblemente, a mellor forma de concienciar á poboación sobre a importancia que ten conservar o noso patrimonio natural sexa mostrándolle a súa beleza. É o obxectivo de Filipe Silva, incansable viaxeiro, que utiliza as súas instantáneas para achegarnos aos últimos paraísos naturais.

Un viaje por la cuenca del río Yukón

Autores: Roberto Bueno e Olalla Bueno

Os indios nativos chamábanlle «yuchoo», ó gran río. Son 3.190 quilómetros de arteria líquida que, sen saber de fronteiras humanas, une dous dos territorios máis prístinos, lexendarios e atraentes que hai no noso planeta: Alaska e Yukón.

Serranía Alta de Cuenca

Autor: José Larrosa

A Serranía Alta de Cuenca declarouse recentemente parque natural polos seus importantes valores naturais.

Melodía natural

Asociación Española de Fotógrafos de Naturaleza -AEFONA -



AEFONA agrupa a un bo número de fotógrafos, afeccionados e profesionais, que teñen na conservación da natureza o seu nexo de unión.

proxecións audiovisuais

Mirada natural **miradanatural.es**

Internet consolidouse como un punto de encontro onde os fotógrafos comparten as súas experiencias e os seus coñecementos. O portal www.miradanatural.es é un deles e nel materialízase o excelente momento no que se atopa a fotografía da natureza en España.

La Antártida y el calentamiento global **Autor: Carlos Caraglia**

Moito se falou sobre o cambio climático que afecta ao noso planeta. O documental relata un ambicioso proxecto de investigación e divulgación deste fenómeno na Antártida.



Aves en libertad **Autor: Andrés M. Domínguez**

Fotografar aves en liberdade non é só obter a imaxe para un fin determinado, senón tamén unha forma de expresar e transmitir sentimentos.

Omaña **Autor: Antonio Liébana**

Omaña é unha das grandes comarcas naturais e tradicionais do norte da provincia de León, situada na zona sur da Cordillera Cantábrica. Os seus profundos bosques todavía conservan a esencia da natureza.

Naturaleza salvaje **International Wildlife Photography - IWP -**

IWP xurde como un proxecto altruísta dun grupo heteroxéneo de fotógrafos que intentan dar a coñecer o noso patrimonio natural a través das fotografías que obteñen, sempre ao servizo da conservación.

Salvar Mallorca **Autor: Miquel Àngel Dora**

Gran parte da natureza foi engulida polo asfalto e o cemento. Unha das zonas onde este fenómeno alcanzou as súas maiores cotas é nas Illas Balears, especialmente en Mallorca. A pesar de todas as dificultades moitos animais loitan por sobrevivir e algúns fotógrafos e naturalistas acompañannos nesta batalla.



© Juanvi Carrasco

Naturimagen

Autor: Juanvi Carrasco

Un intenso percorrido pola variada e rica natureza española, polas súas paisaxes e habitantes.



© FNA

Fotógrafos de Naturaleza argentinos

FNAweb.org

A fotografía da natureza en Arxentina goza dun bo nivel técnico e artístico, así o demostra esta recompilación de tomas da Asociación de Fotógrafos de Naturaleza Argentinos.

Volando por l'Albufera

Autor: Carlos Oltra

A Albufera de Valencia é posiblemente o espazo natural español con maiores dificultades no que se refire á súa xestión, debido á influencia que teñen sobre el os usos tradicionais e grandes núcleos de poboación cercanos. Neste audiovisual temos a ocasión de visitala a vista de paxaro.



© Carlos Oltra

proxecións audiovisuais



Exhibición de Cetrería

O congreso incluíu entre as súas actividades un espectáculo de cetrería que consistiu en dúas exhibicións diarias. O 30 e 31 de maio nos Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña).

Os cetreiros fixeron que as aves voaran despois de explicar a súa forma de vida. Grazas á colaboración de Foto Artús, o público asistente dispuxo de equipos profesionais (telescopios, prismáticos e todo tipo de accesorios) que lle permitiron unha primeira toma de contacto coa práctica da observación e do digiscoping propio dos fotógrafos da natureza.





Congreso Escolar

O III Congreso de Educación Ambiental dos centros de ensino da Coruña **Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural** tivo lugar o 28 de maio de 2009 no Paraninfo da Universidade da Coruña. Participaron case 150 escolares procedentes de cinco centros de ensino da provincia coruñesa. O evento foi organizado polo CEIDA co patrocinio da Deputación da Coruña e grazas á colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Universidade da Coruña, da Concellería de Cultura do Concello da Coruña, dos Museos Científicos Coruñeses, de Haley e de Foto Artús.



III Congreso de Educación Ambiental dos Centros de ensino da Coruña. **Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural**

O congreso comezou ás 10.30 horas cun acto inaugural presidido polo reitor da Universidade da Coruña, José María Barja; pola concelleira delegada de Cultura e Museos Científicos do Concello da Coruña, María Xosé Bravo; polo xefe de servizo de Conservación da Natureza da Coruña da Consellería do Medio Rural, Carlos Gonzalo Muñoz; pola encargada do departamento de márketing de Gadisa, Iria Rodríguez, e polo director do CEIDA, Carlos Vales. Nas súas intervencións, todos coincidiron en destacar o fondo valor educativo dos proxectos realizados polos centros de ensino grazas á contribución do profesorado que

axuda a crear unha cidadanía respectuosa co medio ambiente.

A continuación foi o alumnado quen tivo a palabra para presentar os proxectos que realizaron durante o curso escolar e que lles serviron para coñecer dunha forma máis pormenorizada un espazo natural próximo ao seu centro de estudo. Anxo Moure, educador ambiental, encargouse de presentar os traballos dun xeito ameno e cunha mensaxe de concienciación ambiental.

Comezaron a expoñer o seu traballo os alumnos do CPI Os Dices de Rois que se cen-

III Congreso Escolar

traron na enorme riqueza ambiental que ten un dos lugares máis esquecidos: as covas. Para coñecer a súa biodiversidade visitaron algunhas covas galegas logo de buscar información sobre elas. Así visitaron a cova do Pico en Boqueixón, a cova da Auga na Serra do Caurel, a cova de Pala de Silverto no Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e varias minas de auga do concello no que viven a maior parte dos alumnos: Rois. Asesorados polos profesores, os alumnos presentaron no congreso un vídeo documental no que contaron a súa experiencia baixo a mensaxe do respecto polo patrimonio natural. Este material, xunto cunha exposición fotográfica, divulgárono ademais no



seu centro de ensino. O título do seu proxecto foi “Galicia baixo a terra”.

A exposición oral dos proxectos continuou coa experiencia dos alumnos do IES de Pastoriza (Arteixo) que transportaron ao público por unha viaxe imaxinaria ata Ourense para coñecer os valores naturais e culturais da cidade das burgas. Estes alumnos de terceiro e cuarto da ESO traballaron durante todo o ano académico na recompilación de información sobre Ourense, na asistencia a charlas impartidas por persoal especializado en temas ambientais e realizaron saídas a distintos puntos da cidade ourensá para avaliar a intervención do home en distintos espazos naturais. Un destes lugares analizados foi a Fraga de Sisalda, un bo exemplo de bosque de ribeira que perdeu parte da súa riqueza biolóxica debido ás actividades humanas. Todo o traballo realizado, chamado “Auga, saúde, tradición, cultura... Ourense”, reflectírono en fichas nas que describen as características dos bosques de ribeira e nunha presentación na que se recollen diferentes valores patrimoniais de Ourense.

O terceiro proxecto presentado durante o Congreso Escolar foi o traballo realizado polo alumnado do IES Maximino Romero de Lema, un centro ubicado na localidade zasense de Baio. A labor desempeñada polos rapaces foi poñer en valor un lugar situado cerca do centro educativo: o río Grande, un proxecto que lle chamaron “Ruta dos ríos”. Para levar a cabo o seu propósito deseñaron un roteiro de sendei-

rismo ao marxe do río e que conecta paraxes naturais como a Carballeira de Baio, a anta de Pedra Vixía, o Pazo de Daneiro e as Torres do Allo. Como traballo previo ao deseño da ruta, os alumnos traballaron coa cartografía e coa información publicada sobre a zona de estudo ademais de localizar os lugares cun maior valor medioambiental tras varias saídas de campo nas que tiveron que realizar labores de recuperación.



Despois dun pequeno descanso no que os participantes tiveron a oportunidade de ver as fotografías, debuxos,... e outros materiais que realizou cada centro, continuou o evento coa proxección do audiovisual *Galicia, ¿vacas e marisco?* no que o seu autor, o fotógrafo Fran Nieto, tratou a importancia da conservación dos numerosos espazos naturais existentes en Galicia.

O Congreso continuou coa exposición oral que fixeron os alumnos do IES Agra de Leborís, da Laracha, que presentaron o proxecto *Unha ollada ao Anllóns desde A Laracha*. A zona alta do río Anllóns, un dos principais da comarca de Bergantiños, discorre polo concello larachés. Este é un tramo de río exposto a múltiples ameazas: vertidos urbanos, talas de árbores de ribeira, introdución de especies invasoras,... motivo polo cal o alumnado realizou un estudo sobre a evolución da paisaxe relacionada co Anllóns ao longo do tempo e as consecuencias das interaccións da actividade humana nestes ecosistemas de ribeira como xeito de sensibilización e para promover a conservación dos recursos naturais entre a comunidade educativa.

A exposición dos proxectos rematou coa presentación de “Roteiros de biodiversidade polo esteiro do Anllóns” do que se encargaron os alumnos do IES Ponteceso, de Ponteceso, que expuxeron a súa análise realizada no esteiro do río Anllóns e na ría de Corme-Laxe, lugares cunha alta riqueza paisaxística e ecolóxica. Defenderon o lema “coidase o que se coñece” polo que consideran que é imprescindible que a poboación local perciba os valores do espazo para que o conserven da mellor forma posible. O traballo centrouse no estudo dun grupo de aves, anátidas e limícolas, que se dividiu en dúas fases. Durante a primeira fase prepararon distintos roteiros en función da presenza das aves elixidas e realizaron paneis informativos sobre esas especies para, posteriormente, colocalas á beira do esteiro do Anl-

III Congreso Escolar

lóns. A segunda fase do proxecto consistiu na realización de distintas rutas ao longo do río e así coñecer a rica diversidade natural desta zona. Co fin de ampliar os seus coñecementos, os alumnos invitaron ao seu centro educativo a expertos en ornitloxía. Ademais, presentaron talleres de observación de aves durante a semana cultural que se celebrou no instituto pontecesán.

Xa pola tarde, e despois de repoñer forzas, os asistentes tiveron a oportunidade de visitar o Aquarium Finisterrae para gozar da espectacularidade deste gran museo da costa galega e do contorno no que está ubicado.

O Aquarium Finisterrae, tamén coñecido como a Casa dos Peixes, divídese en varias salas. Unha das máis chamativas é a Nautilus, que está somerxida no mar e nela un gran



cristal é a única separación entre os visitantes e as máis de cincuenta especies de peixes, entre os que se atopan tiburóns toro, aguias mariñas, meros ou rodaballos. Outra das salas das que desfrutaron os participantes no Congreso foi a Maremagnum, dotada con sesenta módulos onde os sentidos xogan un importante papel.

O Congreso rematou cun obradoiro de observación ornitolóxica que tivo lugar nas inmediacións da Casa dos Peixes.







Programas de Educación Ambiental

Ano tras ano o CEIDA desenvolve distintos programas de educación e sensibilización ambiental dirixidos aos diferentes sectores da sociedade cos que se persegue que os participantes se impliquen tanto na resolución dos problemas ambientais como nas iniciativas que xurden no seu contorno máis inmediato. A continuidade destas actividades está asegurada grazas ao incremento da asistencia rexistrada ano tras ano; así, no 2009 participaron máis de 5.300 persoas.

O mar e a costa, recursos valiosos para todos

O 2009 foi o sexto ano consecutivo no que se realizou o programa de educación e sensibilización ambiental **O mar e a costa, recursos valiosos para todos** dirixido aos centros de ensino e aos colectivos sociais de toda Galicia e que conta co patrocinio da Deputación da Coruña.

O escenario deste programa de educación ambiental é a Costa de Dexo-Serantes, un espazo protexido baixo a figura de Monumento Natural, dende o 2000, e como Lugar de Importancia Comunitaria - LIC - da Rede Natura 2000. Este contorno ofrece múltiples estampas como abruptos cantís, calas, illotes, furnas con corvos mariños,... ademais da típica matogueira da costa atlántica; representando así unha das áreas mellor conservadas da Costa Ártabra.

Dentro deste enclave atópase a Aula do Mar que funciona como un Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes. Conta cunha exposición interpretativa permanente que serve de recurso para desenvolver este programa de educación e sensibilización ambiental.

O equipo de educación ambiental do CEIDA desenvolve este programa dunha maneira lúdica e participativa adaptando os contidos da actividade á idade do colectivo co fin de que esporten as súas emocións. Ao longo do programa analízanse as problemáticas que actualmente ameazan o medio mariño galego

ademais de concienciar aos participantes da importancia dos seus valores. Por outra parte, os asistentes descubren os recursos que proporciona un Espazo Natural Protexido permitindo á poboación local o desenvolvemento de actividades económicas dun xeito sustentable.

A importante cantidade de grupos procedentes do ensino que participan en **O mar e a costa, recursos valiosos para todos** xunto coa climatoloxía galega fan que os meses de marzo, abril, maio e xuño sexan os que rexistran un maior número de saídas.


Participantes

Ao longo de 2009 participaron neste programa 2.355 persoas que se dividiron en 84 grupos, dos cales 53 pertencían a centros educativos de diferentes niveis e outros 31 a asociacións de diverso tipo. Cabe destacar que xuño foi o mes no que máis visitas se realizaron cunha participación de 491 persoas.



Programas de EA

Tipo de visitantes



Paralelamente, e en ocasións como complemento a este programa, ao longo do 2009 o CEIDA realizou outras actividades de educación ambiental para dar a coñecer a súa sede, o Castelo de Santa Cruz. Os **400 anos**

do Castelo de Santa Cruz e Coñece o CEIDA foron dúas visitas guiadas ofertadas durante todo o ano no que participaron 2.210 persoas divididas en 103 grupos pertencentes á educación e a colectivos asociativos.



Os humidais conéctanos a todos. Reserva da Biosfera Terras do Miño

Con motivo do Día Mundial dos Humidais, que se celebra o 2 de febreiro, o CEIDA ampliou a oferta de educación ambiental dirixida aos centros de ensino galegos co programa **Os humidais conéctannos a todos. Reserva da Biosfera Terra do Miño**. Esta actividade desenvolveuse durante os meses de febreiro a abril e nela participaron máis de 120 alumnos.

As Reservas da Biosfera son unha rede mundial de espazos naturais que foi creada polas Nacións Unidas a través da Unesco co obxectivo de contribuír á conservación da biodiversidade e dos elementos culturais destes lugares ademais de fomentar o desenvolvemento socioeconómico da poboación local. Neste programa de educación ambiental traballouse sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño, o sistema húmido máis importante de Galicia, grazas a unha exposición que estivo no Castelo de Santa Cruz.



A primeira parte desta actividade de educación ambiental consistiu na realización dunha visita guiada pola exposición composta por oito paneis, diverso material gráfico e pezas de olaría e cestería que fan un repaso da flora e fauna, das distintas paisaxes e hábitats, da arquitectura e da cultura da zona. A segunda parte deste programa consistiu na visión dunha reportaxe sobre o Lugar de Importancia Comunitaria - LIC - Parga-Ladra-Támoga; un dos ecosistemas hídricos de maior singularidade da rexión atlántica da Península Ibérica que forma parte da conca alta do río Miño. Nesta proxeción foméntase o respecto pola cultura da auga e xustifícase a creación dunha reserva natural. Por último, os participantes buscaron resposta a cuestión “Unha riqueza de Galicia é a auga, ¿temos que conserva-la?”. Nos pequenos debates que se realizaron o alumnado douse conta da importancia que teñen as Reservas como promotoras da conservación e impulsoras do aproveitamento sostible dos recursos.



Programas de EA

O cambio climático

Coa finalidade de aumentar a conciencia ecolóxica do alumnado e observar a repercusión que teñen as accións de cada ser humano no medio, o CEIDA puxo en marcha entre o 13 e o 24 de abril o programa de educación ambiental **O cambio climático**.

A ferramenta usada neste programa de educación ambiental foi a exposición **O cambio climático**, promovida pola Deputación da Coruña, que estivo no Castelo de Santa Cruz. A mostra tivo como eixe a relación existente entre a humanidade e o planeta, poñendo especial énfase na capacidade humana para alterar os ecosistemas e os equilibrios ambientais.

O programa, no que participaron 22 persoas e que tivo unha duración media de dúas horas, consistiu na realización dunha visita guiada á exposición na que se analizaron os distintos módulos que a compoñen. Os participantes tiveron a oportunidade de calcular a súa pegada ecolóxica; é dicir, de medir o efecto que teñen as súas accións propias do actual modo de vida sobre o seu contorno e que se expresa en número de hectáreas de ecosistemas produtivos. Finalmente, a actividade remataba coa proxección dun vídeo sobre os distintos climas da Terra.

Neste programa de educación ambiental os alumnos e alumnas souberon dar resposta a preguntas como: que se sabe do cambio cli-

mático?; que indican as investigacións científicas máis recentes?; que podemos facer para minimizar as súas consecuencias?





Pés na terra

Por segundo ano consecutivo o CEIDA levou a cabo o programa de educación ambiental **Pés na Terra**. Esta actividade responde ao feito de que a superficie forestal en Galicia representa dous terzos do territorio, sendo o 50 % deste espazo arborado.

A iniciativa consiste na realización dun itinerario forestal guiado polos montes de Monfero, pertencentes ao Parque Natural Fragas do Eume, e no traballo nas aulas con esta temática, tanto antes como despois da visita.

Pés na terra, que se desenvolveu entre os meses de febreiro a xuño de 2009, achegou á comunidade educativa de diversos puntos de Galicia a importancia que ten unha correcta xestión do monte e dos bosques, así como o seu aproveitamento multifuncional en termos de sustentabilidade.

Este programa de educación ambiental que se realizou grazas á colaboración da Consellería do Medio Rural dividiuse en tres fases. Primeiramente os alumnos e alumnas traballaron e prepararon nas aulas a súa visita co apoio do profesorado e de diverso material didáctico sobre o tema proporcionado e elaborado polo equipo educativo do CEIDA. A segunda fase, parte principal do programa,

Programas de EA



consistiu na realización dun itinerario forestal guiado polos montes de Monfero.

Os educadores ambientais do CEIDA foron os encargados de realizar a ruta de tres horas de duración cunha metodoloxía activa baseada na participación do alumnado mediante o intercambio de opinións, preguntas e reflexións.

Finalmente, a acción formativa e sensibilizadora deste programa concluíu coa realización de diversas actividades prácticas en zonas forestais próximas ao centro de ensino.

Case 650 alumnos e alumnas de terceiro ciclo de Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos, distribuídos en 17 grupos, participaron no programa de educación ambiental **Pés na Terra**.



Programas de educación ambiental	Grupos	Participantes
O mar e a costa, recursos valiosos para todos	84	2.355
Os humidais conéctanos a todos. Reserva da Biosfera Terras do Miño	3	126
O cambio climático	2	22
Pés na terra	17	642





Aula do Mar

A Aula do Mar, situada no faro de Mera, recibiu no 2009 máis de 15.000 persoas que visitaron as instalacións para ver a exposición interpretativa permanente ou para acceder á súa ampla terraza, cun importante punto de observación ornitolóxica. Ademais, este enclave funciona como Centro de Recepción de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes polo que moitas destas persoas solicitaron o servizo de información que os asesorou sobre as condutas aconsellables para percorrer este tramo de costa deixando un impacto mínimo.

Os visitantes, procedentes na súa maioría da área metropolitana da Coruña, poden gozar dun espazo natural próximo cunha gran beleza paisaxística e dende onde observar unha ampla panorámica da ría de Ares e Ferrol.



O Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

A casa na que viviu durante anos o fareiro de Mera está agora transformada no lugar de recepción para os visitantes da Costa de Dexo-Serantes, coñecido como **Centro de Recepción de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes**. O CEIDA é o encargado de xestionar este espazo que durante o 2009 recibiu máis de 15.000 visitantes.

A Aula do Mar atrapa ao visitante cunha exposición que se converte na primeira das paradas do camiño antes de percorrer un dos tramos costeiros mellor conservados do Golfo Ártabro. A mostra trata sobre o tramo que discorre pola costa norte de Oleiros, onde se fai

un repaso da fauna e da flora que habitan nesa zona, resaltando o seu valor ecolóxico e cultural. A reprodución dunha furna fai que os sentidos do oído e do olfacto do visitante teñan un papel importante que desempeñar.

O Centro de Recepción de Visitantes cumpre coa función de informar a todo aquel interesado no Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, un espazo natural que conta con varias figuras de protección. Unha delas é a de Monumento Natural, declarado no 2000.

Ademais este é un Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e unha Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)

Aula do Mar



formando parte da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. Todas estas figuras de protección foron concedidas debido á singularidade dos ecosistemas e hábitats, á xeomorfoloxía e á paisaxe.

Esta zona protexida abarca o tramo comprendido entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé, situada no concello oleirense. Comprende uns



once kilómetros de costa e conta cunha extensión de 270 hectáreas. Neste espazo natural, cheo de animais, prantas, cantís e montes existe a posibilidade de realizar rutas de sendeirismo e de observación de aves.

Entre a diversidade biolóxica destacan especies como o corvo mariño cristado, o andoriñón real ou a gaivota patiamarela. O toxo mariño é unha das especies vexetais dominantes; aínda que se poden ver outras en perigo de extinción como a herba de namorar ou a margarida grande de cantil.





programa de exposicións

O CEIDA achégase á sociedade coas exposicións tanto itinerantes como na súa sede.

Actualmente ofértanse, mediante préstamo, cinco exposicións itinerantes ás institucións que desexen mostralas nas súas instalacións. Ademais das entidades habituais (centros de ensino, concellos...) no 2009, xurdiron novos espazos de divulgación ambiental: os centros comerciais, que aumentaron chamativamente o número de visitantes.

Un ano mais, o Castelo de Santa Cruz apareceu entre os lugares a visitar polos turistas que se acercaron a comarca da Coruña e de Terra das Mariñas. Así, case 13.000 persoas visitaron os xardíns e o monumento en cuxas salas estiveron dez mostras baixo a mesma temática: a conservación do medio ambiente.





Relación das exposicións itinerantes

Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción

14 itinerancias ■ 104.320 visitantes

A exposición, baseada no proxecto CLARITY - Acción Educativa polo Clima-, pretende contribuír ao coñecemento e divulgación do cambio climático. Neste momento, ninguén dubida que as actividades humanas incrementan a cantidade de gases atmosféricos que provocan un quentamento global. Segundo estimacións, os países ricos, que representan só o 20% da

poboación, son responsables do 76% das emisións producidas dende a revolución industrial.

A mostra, producida polo Instituto Enerxético de Galicia – INEGA – e o CEIDA, propón solucións dende o ámbito institucional como o apoio ás enerxías renovables, o transporte público de calidade, vivendas aforradoras, etc. e tamén dende o ámbito persoal como a utilización de lámpadas de baixo consumo, o uso do transporte público, etc.

exposicións itinerantes

Relación de itinerancias ao longo de 2009

8 / 27 de xaneiro	CPI A Picota. Mazaricos
2 / 20 de febreiro	IES Xosé Neira Vilas
26 de febreiro / 12 de marzo	IES de Arzúa
16 de marzo / 3 de abril	IES Miraflores. Oleiros
14 / 28 de abril	IES de Fene
29 de abril / 15 de maio	CPR Jorge Juan. Fene
19 de maio / 1 de xuño	IES Francisco Asorey. Cambados
5 / 19 de xuño	Centro comercial Dolce Vita. A Coruña
22 / 30 de xuño	VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental (Eduambiengal'09). Santiago de Compostela
2 / 29 de xullo	Aula da Natureza Cabo Udra. Bueu
3 / 17 de agosto	Concello de Negreira
16 / 29 de outubro	Concello de Arteixo
2 / 27 de novembro	Concello de Marín
30 de novembro / 30 de decembro	Centro comercial A Paradanta. A Cañiza





Áreas Mariñas Protexidas

12 itinerancias ■ 11.411 visitantes

Elaborada polo CEIDA e producida en conxunto coa Fundación Territori i Paisatge, a expo-

sición céntrase no potencial das zonas mariñas protexidas e en como axudan a conservar os hábitats mariños. Os recursos do mar, a problemática de conservación, a pesca en Galicia e os obxectivos e beneficios das Áreas Mariñas Protexidas (AMPs) son os contidos principais da mostra. A situación actual de esgotamento do mar, o descenso das capturas, así como maltrato ao que o sometemos, pequenos vertidos de hidrocarburos constantes e grandes vertidos puntuais, entre outras agresións, fan necesarias unha boa xestión das pesqueiras e a conservación da riqueza mariña. As AMPs son unha boa ferramenta para alcanzar estes propósitos.

Relación de itinerancias ao longo de 2009

12 / 30 de xaneiro	Concello de Ortigueira
2 / 26 de febreiro	Concello de Rianxo
2 / 18 de marzo	IES Antón Fraguas. Santiago de Compostela
26 de marzo / 13 de abril	Asociación Cultural Quinta Feira
4 / 29 de maio	Concello de Marín
29 de maio / 30 de xuño	Concello de Mondariz Balneario
1 / 29 de xullo	Concello da Illa de Arousa
31 de xullo / 2 de agosto	Fundación Expomar. Burela
2 / 30 de setembro	Confraría de Pescadores de San Telmo. Pontevedra
2 / 29 de outubro	Concello de Carnota
2 / 26 de novembro	IES Vilar Ponte. Viveiro
1 / 30 de decembro	Concello de Malpica de Bergantiños

exposicións itinerantes

O patrimonio marítimo de Galicia

13 itinerancias ■ 2.925 visitantes

Amostra, producida pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial – FGCMF -, recolle o saber facer das xentes do mar que deixou, a cabo dos séculos, e continúa a deixar, día a día, pegadas discretas ou rechamantes do seu devir. Así, sirvan de exemplo a arquitectura militar (nacida para evitar invasións) e popular da ribeira (premida polos abusos urbanísticos), a beiramar, os faros, os establecementos industriais (almacéns de salga, tellerías, fábricas de conservas, cetarías, etc.) a toponimia, a fala, a tradición oral, etc.



Todo o conxunto, que pode ser denominado “Patrimonio Marítimo”, está actualmente ameazado. Co vagar da exposición poténciase a súa revalorización ademais de propoñer novos usos como a conversión de vellos edificios, moitos abandonados, en museos.

Relación de itinerancias ao longo de 2009

7 / 23 de xaneiro	Concello de Arteixo
30 de xaneiro / 26 de febreiro	Concello de Burela
2 / 30 de marzo	Concello de Carral
30 de marzo / 28 de abril	IES Ribeira do Louro. Porriño
4 / 26 de maio	CEIP O Cantel. Foz
28 de maio / 30 de xuño	Concello de Ares
1 / 30 de xullo	Confraría de Pescadores San Telmo. Pontevedra
3 / 31 de agosto	Concello de Malpica de Bergantiños
1 / 30 de setembro	Concello de Marín
1 / 19 de outubro	CEIP Mestres Goidar. Vigo
21 de outubro / 6 de novembro	Concello de Tui
9 / 30 de novembro	Escola Náutico – Pesqueira. Ferrol
1 / 22 de decembro	IES Manuel Antonio. Vigo



Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible

13 itinerancias | 485.004 visitantes

A mostra, producida pola Fundación Territori i Paisatge e o CEIDA, divulga o impacto que sobre o medio natural ten o modelo enerxético que domina a sociedade. A exposición, nacida a raíz do afundimento do petroleiro Prestige, pretende manter os valores, como a solidariedade e a creatividade, que xurdiron na poboación

como reacción ao trágico suceso ocorrido o 19 de novembro de 2002.

É fundamental dar a coñecer as consecuencias ambientais das catástrofes ocorridas polos vertidos dos petroleiros e as problemáticas dos patróns sociais de consumo de enerxía á vez que se estimula a participación dos cidadáns na demanda dun novo modelo enerxético máis sostible ambientalmente.

Relación de itinerancias ao longo de 2009

7 / 29 de xaneiro	Concello de Ordes
30 de xaneiro / 20 de febreiro	CPR Jorge Juan. Fene
14 / 28 de abril	Escola Náutico - Pesqueira. Ferrol
30 de abril / 28 de maio	Concello de Zas
1 / 29 de xuño	Concello de Fene
1 / 31 de xullo	Empresa Occidente. Centro comercial Dolce Vita. A Coruña
3 / 28 de agosto	Concello de Silleda
1 / 15 de setembro	Concello de Arteixo
21 de setembro / 13 de outubro	IES Neira Vilas. Oleiros
15 / 30 de outubro	Concello de Muxía
2 / 13 de novembro	Concello de Malpica de Bergantiños
16 / 30 de novembro	IES Lama das Quendas. Chantada
2 / 18 de decembro	CPI Ramón Piñeiro. Láncara

exposicións itinerantes

Operación Monarca

10 itinerancias | 483.037 visitantes

Operación Monarca é un proxecto que promociona o coñecemento deste insecto que é famoso polas súas migracións masivas no continente americano. Algúns exemplares desta bolboreta desvíanse das rutas migratorias e visitan Galicia procedentes do outro lado do océano Atlántico e logo de voar miles de quilómetros. A mostra ten como obxectivo que cada vez máis persoas coñezan á monarca e poidan informar das localizacións das súas observacións axudando a determinar a presenza da bolboreta en terras galegas ademais de achegar o mundo da lepidopteroloxía e a súa conservación aos cidadáns.



A exposición producida polo CEIDA e patrocinada pola Deputación da Coruña responde á iniciativa do lepidopterólogo galego Eliseo H. Fernández Vidal, descubridor da chegada da bolboreta a Galicia.

Relación de itinerancias ao longo de 2009

8 / 30 de xaneiro	Concello de Burela
3 de febreiro / 4 de marzo	Concello de Zas
5 de marzo / 3 de abril	IES Manuel Murguía. Arteixo
18 de maio / 19 de xuño	IES Neira Vilas. Oleiros
23 de xuño / 30 de xullo	Concello de Cuntis
3 / 28 de agosto	Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias-Vigozoo
1 / 30 de setembro	Empresa Occidente. Centro comercial Dolce Vita. A Coruña
1 de outubro / 2 de novembro	Concello de Malpica de Bergantiños
3 / 30 de novembro	Concello de Bueu
4 de decembro / 7 de xaneiro	Concello de Salceda de Caselas



Exposicións no Castelo de Santa Cruz

Arte e natureza: Grupo Arou

Do 2 de decembro de 2008 ao 30 de xaneiro de 2009 ■ 881 visitantes

Arte e Natureza: Grupo Arou é unha mostra formada por unha serie de fotografías que recollen a bravura do mar na Costa da Morte e, en concreto, na pequena vila mariñeira de Arou (Camariñas) que pule dunha forma especial as pedras que se achegan a el.

Os autores das instantáneas son xente galega que, inspirados en Man de Camelle, se uniu para crear o Grupo Arou e así non esquecer a riqueza do litoral galego. O artista alemán de intervención plástica na natureza, Nils-Udo, foi o encargado de coordinar esta exposición.

A mostra invitou aos visitantes a apreciar a arte latente na natureza e a reflexionar sobre a necesidade da conservación do litoral.

exposicións no Castelo

O lobo en Galicia. Unha carreira por sobrevivir

Do 2 de decembro de 2008 ao 30 de xaneiro de 2009 **1881** visitantes

Para crear esta exposición, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA - recompilou distinto material artístico (fotografías, cadros, esculturas, papiroflexia...) sobre un animal en risco de extinción: o lobo.

O propósito desta mostra é que o visitante perciba a necesidade de conservación desta especie emblemática que ten como función regular o medio natural e que forneceu a inspiración cultural durante séculos.



Terras do Miño. Reservas da Biosfera

Do 3 de febreiro ao 11 de abril **1838** visitantes

A Reserva da Biosfera Terras do Miño é o eixo central desta exposición que fomenta o respecto pola cultura da auga e conciencia sobre a importancia das reservas naturais. A mostra foi unha ferramenta utilizada polo equipo do CEIDA para levar a cabo o programa de educación ambiental "Os humidaís conéctannos a todos. Terras do Miño. Reserva da Biosfera".

Terras do Miño. Reservas da Biosfera componse de oito paneis nos que se reflicte a riqueza de hábitats e de paisaxes presentes neste espazo natural protexido pola UNESCO completándose coas artes de pesca, embarcacións tradicionais, diverso material fotográfico así como pezas de olería e cestería vinculadas a este lugar que os veciños conservaron durante centos de anos.

Cambio climático

Do 13 ao 24 de abril ■ 480 visitantes

A Deputación da Coruña é a entidade promotora da exposición **O Cambio Climático** que inauguraron o presidente da entidade, Salvador Fernández Moreda; Ricardo García Mira, comisario da exposición; o Alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e o director do CEIDA, Carlos Vales o 13 de abril.

Os nove paneis que forman a mostra invitan a reflexionar, dende un punto de vista didáctico, sobre o impacto do cambio climático e a com-


prometerse coa sustentabilidade ambiental. Baseado nun programa deseñado pola NASA, nun dos módulos da exposición exhíbese unha eco-esfera a través da que se recrea un sistema de vida en equilibrio. Nos outros módulos da mostra explícanse as causas e as consecuencias do cambio climático así como as actividades que reduzan o impacto do labor humano sobre os recursos naturais.

Un monitor guiou aos visitantes tentando de conciencialos sobre a importancia da protección do medio ambiente.



Carlos Vales, Ricardo García Mira, Salvador Fernández Moreda e Ángel García Seoane inauguraron a exposición **O Cambio climático**

exposicións no Castelo



Exposición pictórica Agon: Arte e Deporte

Do 7 ao 23 de maio ■ 1.024 visitantes

Pedro Ávila Durán plasma en gran formato o corpo humano en movemento, tendo como protagonistas os estudantes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (INEF) da Universidade da Coruña con sede en Bastiaguero, en Oleiros.

Máis de medio cento de cadros compoñen a exposición pictórica **Agon: Arte e Deporte**, na que o autor amosa a armonía e a beleza presentes no esforzo e na tensión cotiá da práctica deportiva.

Esta mostra foi unha das actividades enmarcadas dentro da segunda edición do Congreso Internacional de Deportes en Equilibrio que se celebrou durante o mes de maio na facultade de deportes da universidade coruñesa.

Unha ollada ao natural

Do 25 de maio ao 30 de xuño ■ 1.611 visitantes

Unha ollada ao natural é unha exposición de Calros Silvar, licenciado en Belas Artes, ilustrador, naturalista e afeccionado á ornitoloxía. A mostra componse de trinta cadros nos que o seu autor expón espectaculares láminas nas que ilustra aves, mamíferos, plantas, árbores e fungos existentes por toda a comunidade galega, semellando auténticas fotografías. A exposición complétase coas libretas de campo onde aparece todo o traballo previo que se compón das observacións recollidas do medio natural, as anotacións, os bocetos,...



Fotógrafos da natureza. Wildlife Photographer of the year 2009

Do 2 a 26 de xullo | 2.450 visitantes

Por sexto ano, o Castelo de Santa Cruz acolleu a espectacularidade e a beleza das fotografías que compoñen a mostra **Fotógrafos da natureza. Wildlife Photographer of the year** que foi unha das máis visitadas do ano.



Esta é unha exposición que naceu do concurso organizado pola BBC e polo Museo de Historia Natural de Londres co patrocinio de Shell e no que participan fotógrafos do todo o mundo. Entre as especies captadas polas instantáneas seleccionadas aparecen peixes que transitan por Mos Rock, un coñecido punto de mergullo no Mar Vermello, así como a lebre de marzo ou un pigargo.

A exposición chegou ao CEIDA gracias ao patrocinio do Concello de Oleiros e da entidade financeira Caixanova.

Aguatinta. El Roto

Do 29 de xullo ao 29 de agosto | 3.458 visitantes

O humorista Andrés Rábago, máis coñecido como El Roto, é o autor desta exposición composta por case cincuenta viñetas que amosan a problemática da auga (contaminación, loita pola auga, obras hidráulicas, usos da auga, efectos sobre o medio ambiente,...) cun humor e cunha crítica intelixente.

Coincidindo co mes de turismo por excelencia, esta foi a exposición máis visitada do ano.



exposicións no Castelo

Entre o visible e o invisible

Do 4 de setembro ao 14 de novembro
1.576 visitantes

Entre o visible e o invisible é unha exposición de fotografía científica cun enfoque multidisciplinar que está impulsada polo Decanato da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. As imaxes resaltan a beleza das investigacións feitas na facultade onde os biólogos captaron con cámaras e microscopios estruturas e organismos imposibles de observar doutra forma.

Nuestros bosques (Fonamad. Fotografos de natureza de Madrid)

Do 15 de novembro ao 15 de xaneiro
560 visitantes

A exposición fotográfica **Nuestros Bosques** está realizada por Fotógrafos de Natureza de Madrid - Fonamad -. A mostra componse de 38 fotografías de distintos bosques da península ibérica, os seus habitantes e a influencia que teñen entre si co fin de manter o equilibrio natural. Os profesionais da fotografía xogaron coas luces e coas formas



destes espazos para facer unha exposición moi atractiva.

Esta mostra estivo incluída dentro do ciclo Outono Fotográfico 2009 organizado pola Casa da Xuventude de Ourense.





Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga

O CEIDA utiliza distintas ferramentas de traballo para sensibilizar sobre a crise ambiental aos diferentes grupos de poboación. A información ofertada a través do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga contribúe a esta finalidade facendo especial fincapé nun destes grupos, en concreto as persoas dedicadas á investigación ambiental e á docencia, unha representación importante dos usuarios dos servizos que ofrece o centro de documentación do CEIDA.

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga funcionou ao longo de 2009 como un axente sensibilizador entre os seus usuarios. Esta actividade viuse favorecida pola variedade de servizos ofertados tanto a través dos métodos tradicionais (consulta en sala, préstamo directo...) coma coa utilización das novas tecnoloxías o que propiciou que o centro tivera unha maior proxección exterior.

A calidade do centro de documentación e do traballo que dende el se realiza está avalado co amplo fondo documental en materia de medio ambiente do que dispón e que, ano tras ano, se amplía co fin de mellorar a cantidade da oferta.

Ademais, os intercambios de publicacións con numerosas institucións e as doazóns, cada vez máis frecuentes, que van dende o plano autonómico ata o internacional enriquecen diariamente os fondos postos á disposición de toda a sociedade.

As tres das salas do Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, que albergan o Centro de Documentación Domingo Quiroga, conteñen máis de 5.100 monografías, case 900 audiovisuais, máis de 11.700 artigos de revistas e unha ampla cantidade de documentación inédita (literatura gris), un punto de acceso aos fondos catalogados, unha sala de consulta e persoal especializado.

Datos	
Monografías	5.130
Revistas en curso de recepción	57
Artigos de revista baleirados	11.728
Literatura gris (documentación inédita)	836
Audiovisuais	891
Folletos	2.347


No ano 2009, o perfil dos usuarios do centro de documentación foi variado, sendo os educadores ambientais, o persoal docente e os estudantes os colectivos que fixeron un maior uso dos servizos que se ofertaron, tal e como vén sendo habitual. Foi significativo o aumento de usuarios procedentes de empresa privada, especialmente consultores. As acti-

vidades de formación realizadas polo CEIDA tamén influíron no perfil solicitante. Así, tiveron lugar, ao longo do ano, varias actividades ás que acudiron enxeñeiros forestais e técnicos de diversas áreas da administración local, atopándose os citados colectivos ben representados entre os demandantes de bibliografía específica.

centro de documentación


Perfil de usuarios

- Educadores ambientais ou monitores de tempo libre
- Docentes
- Técnicos da Administración Pública Local ou Autonómica
- Empresa privada (consultores...)
- Estudantes
- Biólogos e ambientólogos
- Enxeñeiros agrícolas e forestais
- Xubilados
- Outros



Materiais consultados

- Recursos didácticos de educación ambiental
- Sustentabilidade e axendas 21
- Espazos naturais protexidos e conservación
- Planificación do territorio e paisaxe
- Interpretación do patrimonio
- Cambio climático
- Bosques e recursos forestais
- Medio mariño





Os recursos didácticos relacionados coa educación ambiental foron, un ano máis, os materiais máis consultados polos usuarios do centro de documentación, seguidos da información sobre sustentabilidade ambiental, Axendas 21 e xestión de Espazos Naturais Protexidos. Os usuarios pertencentes á empresa privada demandaron, principalmente, material

relacionado coa planificación e xestión do territorio e da paisaxe.

Actividades e servizos

O 2009 foi un ano de cambio no centro de documentación. Tras un exhaustivo inventariado dos fondos e á diferenza dos anos anteriores, agora o usuario ten a posibilidade de acceder directamente ás publicacións o que lle permite mergullarse nos estantes e localizar aqueles fondos que lle sexan de utilidade. Esta foi unha das melloras en canto aos servizos de consulta e préstamo que oferta o centro de documentación.

RECIDA

Durante este ano o centro de documentación do CEIDA asistiu novamente ao Seminario de Centros de Documentación Ambiental e Espazos Naturais Protexidos que organiza o CENEAM dende o ano 2002. Ao evento asistiron os distintos responsables de Centros de Documentación da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental – RECIDA - da que forma parte o Centro Domingo Quiroga.

O seminario tivo lugar en Tenerife e nel profundizouse en temas relacionados coa Web 2.0, onde distintos expertos na temática deron a coñecer as ferramentas que ofrece esta nova concepción da Rede. A actividade continuou coa maior difusión dos centros integrantes, a incorporación doutros novos, e facendo especial fin-

centro de documentación

capé nas propostas de participación conxunta. Así, nesta edición o centro de documentación do CEIDA, xunto a Europarc-España e InfoSud (Universidade de Valencia), presentaron a súa proposta de metodoloxía de traballo para o grupo de boletíns electrónicos co que se comprometeran o ano anterior.

Butaca Verde. Ciclo de cine solidario e ambiental

O Domingo Quiroga liderou durante o 2009 o proxecto concedido ao CEIDA "Ciencia, Enerxía e Cambio Climático" patrocinado polo Ministerio de Ciencia e Innovación a través da Fundación Española para la Ciencia y Tecnología –FECYT-. Unha das actividades de maior éxito deste proxecto foi o ciclo de cine solidario e ambiental, máis coñecido como Butaca Verde que, dirixido a todos os públicos, se desenvolveu de agosto a decembro.

Butaca Verde comezou no mes de xullo no Castelo de Santa Cruz. Máis de 200 persoas asistiron ás catro sesións deste primeiro ciclo de cine ambiental. Os documentais emitidos trataron diferentes problemas ecolóxicos e sociais que afectan ao planeta. Entre a temática das reportaxes escolleuse o cambio climático, a degradación do contorno, a conservación de especies e os problemas sociais derivados da comercialización do café. Esta foi unha boa oportunidade que, ademais de cumprir unha función de sensibilización ambiental, deu a coñecer os servizos do centro de documentación a un novo perfil de usuarios.

BUTACA VERDE

Cine ambiental e solidario
no Castelo de Santa Cruz
Verán 2009

TODOS OS PÚBLICOS • MES DE XULLO ÁS 19.00 h.
ENTRADA DE BALDE. AFORO LIMITADO


Programa



8 xullo **Oro negro.** Mark Francis e Nick Francis (2006).
As multinacionais do café dominan os centros comerciais e os supermercados, controlando unha industria que move máis de oitenta billóns de dólares anuais e que se converte na mercadería comercializada máis valiosa do mundo despois do petróleo. Pero o prezo real que se paga aos campesiños que cultivan o café é moi baixo. Duración: 78'



14 xullo **Home.** Yann Arthus-Bertrand (2009)
Home é unha oda á beleza do planeta e á súa delicada harmonía. A través de diferentes paisaxes captados desde o aire, e das consecuencias das accións do home nos seus ecosistemas, o documental pretende despertar en todos nós a conciencia necesaria para cambiar o noso modo de ver a Terra. Duración: 93'



22 xullo **Manual de uso para una nave espacial.** Amigos de la Tierra (2009). Documental que retrata as diversas realidades entorno a un dos problemas globais máis complexos do noso tempo, o cambio climático, e formula a urxencia de establecer un diálogo profundo sobre as súas solucións. Duración: 61'



29 xullo **El viaje del emperador.** Luc Jacquet (2005).
Cada ano na Antártida da comezo unha emocionante e fermosa viaxe. Centos de miles de pinguíns emperador abandonan a seguridade do océano para adentrarse na desértica terra xeada conducidos pola súa necesidade de reproducirse. Este documental narra a historia dunha destas familias de pinguíns emperador. Duración: 85'

Organiza



CEIDA
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
AMIGOS DE LA TIERRA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
AMIGOS DE LA TIERRA

Castelo de Santa Cruz s/n. Liáns - Oleiros. Tel. 981 630 618 <documentacion@ceida.org>

A afluencia de asistentes ás proxeccións xunto coa positiva valoración fixo que o ciclo de cine se convertera nun éxito.


Butaca Verde nos concellos

Tras valorar o éxito de Butaca Verde no Castelo de Santa Cruz decidiuse ampliar este programa ofertándoo a todos os concellos galegos. En total participaron, no último semestre de 2009, 19 municipios (A Bola, Amoeiro, Arteixo, Boiro,

99

Burela, Cabana de Bergantiños, Carral, Cuntis, Festival Terractiva promovido polo concello de Arzúa, Laxe, Lousame, Mondariz-Balneario, Negreira, Ordes, Porto do Son, Rodeiro, Rúa de Valdeorras, Salceda de Caselas e Silleda).

Dentro do programa Butaca Verde para concellos ofertáronse tres ciclos de cine ambiental diferentes. Unha vez máis, escolléronse temas relacionados coas principais problemáticas ambientais e sociais que afectan ao planeta.



Programa Butaca Verde		
CICLO 1	CICLO 2	CICLO 3
Home Oro Negro El viaje del emperador	La espalda del mundo La hora 11 Tierra	La pesadilla de Darwin Manual de uso para una nave espacial Planeta blanco



Con Butaca Verde nos concellos, o Centro de Documentación Domingo Quiroga puxo a disposición das entidades locais a realización dunha actividade de carácter ambiental e gratuíta a cal permitiu provocar na cidadanía unha reflexión sobre o estilo de vida actual e incitar a realizar unhas condutas diarias máis sustentables e responsables co medio ambiente.

Butaca Verde nos concellos contou coa asistencia de case 2.000 persoas de diversas idades. Este programa é un recurso que permite aos municipios ampliar a súa oferta ambiental cunha actividade lúdica á vez que sensibilizadora.

centro de documentación

Sinopse das proxeccións *Butaca Verde*

Home. Yann Arthus-Bertran (2009)	Home é unha oda á beleza do planeta e á súa delicada harmonía. A través de diferentes paisaxes captados desde o aire, e das consecuencias das accións do home nos seus ecosistemas, o documental pretende despertar en todos nós a conciencia necesaria para cambiar o noso modo de ver a Terra.
Oro Negro. Mark Francis e Nick Francis (2006)	As multinacionais do café dominan os centros comerciais e os supermercados, controlando unha industria que move máis de oitenta billóns de dólares anuais, convertíndose na mercadoría comercializada máis valiosa do mundo despois do petróleo. A extracción do café é realizada por man de obra barata.
El viaje del emperador. Luc Jacquet (2005)	Cada ano na Antártida dá comezo unha emocionante e fermosa viaxe. Centos de miles de pingüíns emperador abandonan a seguridade do océano para adentrarse na desértica terra xeada conducidos pola súa necesidade de reproducirse. Cada vez esta travesía vital é mais complicada.
La espalda del mundo Javier Corcuera.(2000)	Tres historias protagonizadas por persoas que viven ás costas do mundo: uns nenos peruanos que traballan nunha mina para subsistir, un kurdo exiliado en Estocolmo coa súa muller encarcerada, e un preso que permanece desde 1986 no corredor da morte esperando a súa execución.
La hora 11. Nadia Conners e Leila Conners Petersen (2007)	Documental que alerta sobre o impacto do cambio climático e das accións devastadoras que o home está a causar na natureza e a urxencia de actuar para restaurala. Unha ollada ao pasado e ao futuro ao que nos diriximos.
Tierra. Alastair Fotherhill e Mark Linfield (2007)	Viaxe de Norte a Sur pola Terra ao longo das catro estacións, que retrata os contrastes entre as diferentes partes e as súas transformacións naturais que sobre o noso planeta, o cal precisamos conservar.
La pesadilla de Darwin Hubert Sauper (2004)	Nos anos 60, no corazón de África, unha nova especie animal foi introducida no Lago Victoria como un pequeno experimento científico. A perca do Nilo resultou ser un voraz depredador que arrasou con todas as especies autóctonas deste xigantesco lago. O novo peixe multiplicouse rapidamente, e hoxe en día os seus blancos filetes seguen sendo exportados por todo o mundo cuns altos custos sociais e ambientais.
Manual de uso para una nave espacial. Amigos de la Tierra (2009)	Documental que retrata as diversas realidades arredor dun dos problemas globais máis complexos do noso tempo: o cambio climático. Ademais formula a urxencia de establecer un diálogo profundo sobre as súas solucións.
Planeta blanco. Thierry Ragobert y Thierry Piantanida (2006)	Un vasto océano xeado pousase sobre o teito do mundo. Un universo aparte, habitado por unha fauna única que soubo adaptarse a condicións extremas. Unha película para reflexionar sobre a herdanza que deixamos aos nosos fillos e para vibrar con seres que viven ao límite dunha descarnada loita pola supervivencia cada vez máis complicada.



VALES VÁZQUEZ, C. (dir. e coord.).
Memoria de actividades 2008.
 Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009. 208 p.

Publicación que recolle as actividades desenvolvidas polo CEIDA ao longo do ano 2008.



CEIDA. Área de Educación Ambiental. ***Pés na terra: Un programa de educación ambiental para a valorización do monte galego: Material de apoio.*** Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009. Educación primaria e Educación secundaria

Cadernos didácticos para educación primaria e secundaria elaborados dentro do programa de educación ambiental Pés na Terra, que permite o achegamento ao monte por parte do alumnado desde un punto de vista multi-funcional.

publicacións 2009

AmbientalMente sustentable ►

Oleiros, 2009, vol. 1 (7), núm. xan.-xuñ. ISSN 1887-2417

O número 7 da revista *Ambientalmente sustentable* recolle moitas das achegas realizadas dende o seminario Comunicación, Educación e Participación fronte ao Cambio Climático que, con periodicidade anual, celébrase coordinado polo CENEAM e co auspicio do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a través do Organismo Autónomo Parques Nacionales. Nel recompílanse estudos que se están a facer sobre a perspectiva social e a ameaza que supón o cambio climático, poñendo especial fincapé nos problemas da comunicación. Tamén se presentan algunhas formas innovadoras e exitosas de comunicación e de participación, xunto a unha serie de traballos de investigación e experiencias que poden servir como marco de reflexión e acción.



◄ *AmbientalMente sustentable*. Oleiros, 2009, vol. 2 (8), núm. xul - dec. ISSN 1887-2417

Monográfico que recolle novas miradas e reflexións sobre o ámbito da educación ambiental cun sesgo máis histórico e de recapitulación sobre o moito xa feito. Presenta interesantes aportacións que reelaboran a historia desta disciplina xa non tan nova: desde a análise contemporánea fai unha lectura do que ten acontecido para vislumbrar os posibles camiños de cara a acción. Remata coa presentación de diferentes experiencias que nalgúns casos constitúen traxectorias e retos e, noutros, exemplos de boas prácticas.

CEIDA. Centro de Documentación Ambiental
Domingo Quiroga.

A enerxía [CD-Rom]. ▶

Santa Cruz (Oleiros): CEIDA;
[Santiago de Compostela]:
INEGA, 2009.



CD interactivo cun directorio de recursos electrónicos e bibliográficos sobre usos de enerxía, impactos, eficiencia e mellora da xestión enerxética editado polo CEIDA e o Instituto Enerxético de Galicia - INEGA -. Este documento é unha ferramenta de documentación onde atopar información relevante e diversa, presentada en diferentes categorías, para un acceso máis fluído.



◀ **VALES VÁZQUEZ, C. (coord.).** ***A xestión do litoral.***
Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009. (Documentos para a
Educación Ambiental do CEIDA; 3). 111 p.

Galicia ten unha costa moi extensa se a comparamos coa superficie total do seu territorio, e moita da poboación galega ten unha relación directa ou indirecta con ela. Actividades económicas, espazos simbólicos, núcleos de poboación... todo un entramado socio-económico e cultural relacionado co mar que teñen un impacto ambiental enorme. Axudar a entender os procesos e conflitos existentes coa xestión do litoral é o obxectivo deste libro, que recolle aportacións diversas e puntos de vista que foron presentados nas Xornadas sobre a Xestión do Litoral organizadas polo CEIDA en abril do 2007.

publicacións 2009



▲
Boletín de novedades [en liña]. CEIDA,
Centro de Documentación Ambiental
Domingo Quiroga. Santa Cruz (Oleiros):
CEIDA, 2006 -. ISSN 988-0030.
Dispoñible en: [http://www.ceida.org/
publicacions/boletin-novidades.html](http://www.ceida.org/publicacions/boletin-novidades.html).

Clásica publicación electrónica que mensualmente informa das adquisicións máis relevantes do Centro de Documentación Domingo Quiroga. Cada número do boletín dedícase a un persoeiro, entidade ou proxecto. No 2009 os protagonistas foron: Pierre Déom, Charles Darwin, Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), Joaquín Araújo, proxecto Mardelira, David Attenborough, Fundació Territori e Paisatge, Gerald Durrell, Instituto Enerxético de Galicia - INEGA -, Vandana Shiva, Fundación IPADE e Ramón Margalef. No mes de marzo publicouse ademais un número especial sobre o cambio climático dirixido ao profesorado de educación primaria e secundaria.



▲
Boletín informativo Amares [en liña]. CEIDA, Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga. Santa Cruz (Oleiros): CEIDA, 2006-. Dispoñible en: [http://www.ceida.org/
publicacions/boletin-informativo-amares.html](http://www.ceida.org/publicacions/boletin-informativo-amares.html).

Este boletín de periodicidade mensual ofrece recursos informativos sobre o medio mariño. Consta de distintas seccións: eventos e novidades, fondos documentais do centro, recursos electrónicos, directorio de páxinas web e unha sección de contactos de interese relacionadas co medio mariño.





Entidades colaboradoras

A realización das actuacións que engloba esta memoria non sería posible sen o apoio e colaboración de numerosas entidades pertencentes tanto á administración, como ao mundo empresarial ou á sociedade civil que comparten o denominador común de implicarse na conservación e mellora do medio.

Colaboracións internacionais



UICN. A Unión Internacional para a Conservación da Natureza - UICN - é unha organización internacional dedicada á conservación dos recursos naturais. Fundada en Francia en 1948 congrega a 83 estados, 108 axencias gobernamentais, 766 ONGs e 81 organizacións internacionais, con arredor de 10.000 expertos e científicos de 181 países. O CEIDA foi a primeira entidade galega en formar parte desta organización mundial.

Instituto Jane Goodall. Fundado no ano 1977, o Instituto Jane Goodall é unha organización global sen ánimo de lucro que pretende motivar e ofrecer a posibilidade de actuar local e globalmente a prol de todos os seres vivos en distintas áreas: creando ecosistemas sans, promovendo hábitats sostibbles e educando as novas xeracións. O Instituto Jane Goodall en España naceu trinta anos despois e na actualidade está levando a cabo diferentes programas nas súas liñas de traballo de conservación, educación, desenvolvemento e investigación.



entidades colaboradoras

Administración central



AECID. Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo



CENEAM. Centro Nacional de Educación Ambiental



Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino



Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas

Administración autonómica



XUNTA DE GALICIA

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras
- Consellería do Medio Rural
- Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral

Outras entidades con participación pública de Galicia



Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas - Betanzos



Cehosga. Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia



Inega



Inludes



Terra das Mariñas



Xacobeo

entidades colaboradoras

Administración local



Deputación da Coruña. A través do patrocinio brindado pola Deputación da Coruña desde o ano

2004, o CEIDA promove a formación, asesoría, divulgación e participación ambiental dos distintos concellos coruñeses, así como a sensibilización e a educación ambiental dirixida aos centros de ensino e outros colectivos sociais de Galicia.



Deputación de Ourense



Concello de Abegondo



Abegondo Núcleo de Sostibilidade



Concello da Coruña.
Concellaría de Cultura



Concello de Bergondo



Concello de Betanzos



Concello de Culleredo



Concello de Ordes



Concello de Sada



Consorcio As Mariñas


Ámbito universitario




INEF Galicia. Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Universidade da Coruña.



Universidade de Santiago de Compostela



Ibader - USC. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural



Universidade de Vigo

entidades colaboradoras



Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura



Università Della Calabria

Empresa privada



Foto Artús



Gadisa



OFC Centro de Formación



Supermercados Haley

Fundacións e entidades financeiras



Obra Social Caixa Galicia. A Obra Social Caixa Galicia procura

o benestar social a través de novidosas e pioneiras actuacións centradas nas temáticas fundamentais do deporte, a cohesión social e o medio ambiente orientadas a todas as idades. Neste senso, o CEIDA e esta entidade, xunto co Instituto Jane Goodall, iniciaron no 2009 unha colaboración para promover a educación e a sensibilización ambiental entre nenos e maiores de toda Galicia mediante diversas actividades.



Caixanova



Fundación Juana de Vega



Fundació Territori i Paisatge

entidades colaboradoras

Ambientalistas



AdegA. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza



Amigos da Terra



Grupo Naturalista Hábitat



Naturalists Without Borders



SGEA. Sociedade Galega de Educación Ambiental



SGHN. Sociedade Galega de Historia Natural - Delegación As Mariñas

Outras entidades



Asociación para la Interpretación del Patrimonio

AIP. Asociación para la Interpretación del Patrimonio. É unha asociación sen fins de lucro adicada a potenciar o desenvol-

vemento profesional e técnico da interpretación do patrimonio nas súas diversas facetas (natural, cultural, social, histórica...). Entre as súas accións habituais están o fomento de programas de formación de especialistas na materia, ou impulsar toda clase de publicacións e comunicación relacionadas. Mediante traballo en rede, os seus socios mateñen tamén un foro virtual e intercambian opinións, información e dúbidas.

www.interpretaciondelpatrimonio.com



Augas de Galicia



Asociación de la Prensa de La Coruña. Nacida en 1904, a Asociación da Prensa coruñesa, conta hoxe en día con 271 socios. Ademais, esta entidade intégrase na Federación de Asociacións da Prensa (FAPE), composta por máis de corenta asociacións de todo o Estado e que

agrupa a arredor de 18.000 xornalistas. APC e CEIDA asinaron en maio de 2009 un protocolo de colaboración co fin de organizar conxuntamente actividades de información e divulgación ambiental que formen ós xornalistas nesta área.

entidades colaboradoras



Coeticor.
O Colexio Oficial
de Enxeñeiros
Técnicos Industriais

da Coruña conta, entre os seus obxectivos, organizar e efectuar misións de carácter cultural, científico, técnico ou práctico relacionadas coa profesión, así coma cursos para a formación profesional dos postgraduados. Desde o ano 2009 mantén un convenio de colaboración co CEIDA



Emalcsa



Europarc España. EUROPARC-España é unha organización na que participan as institucións implicadas no planeamento e xestión dos espazos protexidos en España. En EUROPARC-España agrúpanse máis de 1.800 áreas protexidas que

significan máis de 6 millóns de hectáreas. É o principal foro profesional onde se discuten e elaboran propostas para a mellora destes espazos. Foi creada no ano 1993. Pertence como membro activo á Federación EUROPARC, organización paneuropea creada en 1973 e que reúne institucións de 39 países adicadas á xestión de áreas protexidas e á defensa da natureza.

Algúns dos obxectivos que ten plantexados son: Facilitar e apoiar as relacións entre espazos protexidos do Estado español, e de estes cos doutros países, promover proxectos comúns, fomentar a cooperación entre espazos protexidos -especialmente en canto a información e formación-, prestar servizos ás institucións públicas na mellora dos espazos protexidos...



FAEPAC. Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña



FAIMEVI. Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo



FGCMF. Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial



ONG Amarante



Museos Científicos Coruñeses. Esta institución, creada polo concello da Coruña para a divulgación da ciencia ofrece aos cidadáns estímulos e recursos para incorporar a ciencia á súa cultura e así capitalos para comprender o mundo. Ademais das tres salas de exposicións de Casa das Ciencias, a Domus e o Aquarium Finisterrae, os Museos Científicos Coruñeses levan a ciencia á cidadanía

mediante actividades, cursos, conferencias, obradoiros.

